

ACTA

PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 13/2021

SESIÓN ORDINARIA DO 28 DE SETEMBRO DE 2022

ORDE DO DÍA

PARTE RESOLUTIVA

- 1. Actas anteriores:** Ordinaria do 27 de xullo e ordinaria (agosto) do 7 de setembro de 2022.

Declaracións institucionais.

- 2.** Declaración Institucional en relación coa folga xeral acaecida en Vigo en setembro do ano 1972. Expte. Pleno 3556/1101.

Ditames das comisións informativas:

ORZAMENTOS E FACENDA

- 3.** Modificación da Ordenanza fiscal xeral (1). Expte. 2929/500 (Expte. Pleno 3522/1101).
- 4.** Modificación da Ordenanza fiscal reguladora das taxas por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local (30). Expte 2922/500 (Expte. Pleno 3521/1101).
- 5.** Dar conta das Liñas Fundamentais do Orzamento do 2023. Expte. 225/143 (Expte. Pleno 3533/1101).

ORGANIZACIÓN MUNICIPAL, SEGURIDADE, DINAMIZACIÓN ADMINISTRATIVA E I+D

- 6.** Autorización de compatibilidade ao funcionario de carreira X. Paz Salgado, adscrito á Área de Servizos Xerais. Expte. 40628/220 (Expte. Pleno 3535/1101)

Mocións:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2022 10:47	Páxina 1 de 58
3594-1101	CSV: A1A9B4-45A5C5-3145AH-MCYL5H-552QTG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

7. Moción do concelleiro membro non adscrito en defensa da frota pesqueira galega fronte ao novo Regulamento imposto pola Comisión Europea. Expte. Pleno 3554/1101.
8. Moción do grupo municipal Mixto instando ao Goberno do Estado a modificación do imposto sobre o patrimonio. Expte. Pleno 3553/1101.
9. Moción do grupo municipal Socialista instando ao Presidente da Xunta a recoñecer o esforzo realizado polo Concello de Vigo, en materia de mobilidade urbana, e asinar un convenio por un importe similar ao asinado coa Autoridade Portuaria. Expte. Pleno 3557/1101.
10. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a apoiar explicitamente ante o Goberno de España a construción da nova Biblioteca do Estado en Vigo. Expte. 3558/1101.
11. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a destinar unha partida extraordinaria para asumir o incremento dos custes dos menús escolares nos comedores xestionados polas ANPAS e sufragados practicamente na súa totalidade polo Concello de Vigo. Expte. 3560/1101.
12. Moción do grupo municipal Socialista instando Xunta de Galicia o exercicio pleno das súas competencias no referido á promoción do acceso social á vivenda na cidade de Vigo, e outros acordos complementarios. Expte. 3561/1101.
13. Moción do grupo municipal Socialista instando ao Goberno de España para que poña en marcha ante a Comisión Europea tódolos mecanismos legais para frear a entrada en vigor do Regulamento que afecta ao sector pesqueiro. Expte. 3559/1101.

PARTE DE CONTROL

14. Dar conta de resolucións da Alcaldía, dende o 27.08 ao 18.09.22. Expte. 1294/1102 (Expte. Pleno 3550/1101).
15. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, dende o 27.08 ao 18.09.22. Expte. 1293/1102 (Expte. Pleno 3551/1101).
16. Dar conta do acordo da Xunta de Goberno Local do 8.09.22, sobre a modificación de delegacións de competencia da XGL nos concelleiros/as delegados/as de Área e demais delegados de competencias. Expte. 601/1102 (Expte. Pleno 3552/1101).

Mocións.

17. Moción do grupo municipal do Partido Popular instando ao goberno local a atender a demanda das nais e pais do CEIP Doutor Fleming para que o alumnado poida utilizar o pavillón municipal de Romil en horario de mañá. Expte. Pleno 3555/1101.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2022 10:47	Páxina 2 de 58
3594-1101	CSV: A1A9B4-45A5C5-3145AH-MCYL5H-552QTG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

18. Formulación de rogos.

19. Formulación de preguntas.

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Aguiar Castro Yolanda
 Aneiros Pereira Jaime
 Blanco Iglesias Eugenia Dolores
 Caride Estévez María José
 Espinosa Mangana Elena
 Estévez Rodríguez Pablo Luis
 Fernández Pérez José Manuel
 Gómez Díaz Gorka
 Iglesias González Ana Laura
 Lago Barreiro María del Carmen
 López Font Carlos
 Losada Alvarez Abel Fermín
 Mejías Sacaluga Ana Maria
 Pardo Espiñeira Francisco Javier
 Rivas González Ángel
 Rodríguez Calviño Patricia
 Rodríguez Díaz Santos Héctor
 Rodríguez Rodríguez Nuria
 Silva Rego M^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Bartolomé Tocino, Carlota
 Egerique Mosquera Teresa
 López Román Patricia
 Marnotes González José Alfonso

POLO GRUPO MUNICIPAL MIXTO

Méndez Fuentes Oriana
 Pérez Correa Ruben

MEMBRO NON ADSCRITO

Pérez Igrexas Xabier

NON ASISTEN:

Caballero Álvarez Abél Ramón, Alcalde-Presidente

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e oito minutos do día vinte e oito de setembro do ano dous mil vinte e dous, coa Presidencia do Segundo Tenente de Alcalde D. Javier Pardo Espiñeira, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Bartolomé Tocino, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Egerique Mosquera, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, López Roman, Losada Alvarez, Marnotes González, Mejías Sacaluga, Méndez Fuentes, Pérez Correa, Pérez Igrexas, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e Silva Rego, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excm. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2022 10:47	Páxina 3 de 58
3594-1101	CSV: A1A9B4-45A5C5-3145AH-MCYL5H-552QTG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos da orde do día.

PARTE RESOLUTIVA

1.(172) ACTAS ANTERIORES: ORDINARIA DO 27 DE XULLO E ORDINARIA (AGOSTO) DO 7 DE SETEMBRO DE 2022.

VOTACIÓN E ACORDO.

Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, apróbanse as actas ordinaria do 27 de xullo e ordinaria (agosto) do 7 de setembro de 2022.

DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.

2.(173) DECLARACIÓN INSTITUCIONAL EN RELACIÓN COA FOLGA XERAL ACAECIDA EN VIGO EN SETEMBRO DO ANO 1972. EXPTE. PLENO 3556/1101.

ANTECEDENTES.- Con data 23 de setembro do 2022, a Alcaldía presenta a seguinte,

“DECLARACIÓN INSTITUCIONAL

As persoas que asinan abaixo, todas elas protagonistas dos sucesos ocorridos en Galicia no ano 1972 e, de forma máis directa, na folga xeral de Vigo en setembro dese ano,

EXPOÑEN

O ano 1972 fai parte da memoria colectiva do pobo galego. Marcado polas grandes loitas e mobilizacións da clase traballadora na defensa dos seus dereitos, a conquista das liberdades e a loita contara a ditadura, supuxo o inicio da fin daquel réxime, o renacemento do sindicalismo democrático e o pulo no camiño para a conquista das liberdades democráticas en España.

Os sucesos do 10 de marzo de 1972 en Ferrol, a folga xeral de setembro en Vigo e a mobilización do estudiantado na Universidade de Santiago forman parte da nosa historia.

Os feitos de Ferrol desatáronse na asemblea convocada polo Comité de Empresa o día 8 de marzo, cando os traballadores de Bazán rexeitaron o convenio interprovincial asinado no sindicato vertical, en Madrid, para as factorías de Bazán, San Fernando e Cartagena. O día 9 produciuse o despedimento dos seus representantes, todos eles sindicalistas da Comisión Obreira de Bazán. O día 10 de marzo realízase



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2022 10:47	Páxina 4 de 58
3594-1101	CSV: A1A9B4-45A5C5-3145AH-MCYL5H-552QTG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

unha manifestación con terribles consecuencias, a morte dos traballadores Amador Rey e Daniel Niebla por disparos da policía.

Na cidade de Vigo e a súa bisbarra, a tensión laboral veu marcada, desde principios dese ano, pola negociación dos convenios colectivos de empresas como CEMSA, BARRERAS, VULCANO, etc.

Os acontecementos de Ferrol tiveron unha contundente resposta en Vigo e na comarca, que culminou nunha concentración o día 15 de marzo na Porta do Sol e continuou con amplas mobilización na loita polos seus convenios, de forma significativa en Barreras, onde se asinou a altas horas da madrugada, baixo as presións do Goberno civil.

A folga xeral de setembro en Vigo acadou unha dureza extrema, coa cidade tomada polas forzas especiais da policía instalada no cuartel de Barreiro.

O 6 de setembro, os traballadores de Citroën deciden loitar pola xornada de 44 horas semanais e por non traballar os sábados pola tarde. O paro levado a cabo a tarde do 9 de setembro, tivo como resposta o despedimento de cinco traballadores e a apertura de expedientes a outros catro.

O luns, 11 de setembro, os traballadores decidiron non reiniciar o traballo mentres non fosen resadmitidos os despedimentos e enviar piquetes informativos para obter o apoio do resto das factorías viguesas. O día 13 de setembro, diante do peche patronal de Citroën e a presenza de fortes contixentes e policía antidisturbios, os traballadores inician unha marcha cara a Reyman, Santo Domingo e Barreras; ao encontro saénlles os traballadores de Vulcano e forman unha manifestación que percorre toda a cidade.

O xoves, 14 de setembro, Artiscar, Forjas del Miñor, Yarza, Censa, Álvarez, Freire, Refrey, a construción, o transporte público etc., sumaban máis de 16.000 folguistas. O día 16, a folga era xeral en todo o sector industrial de Vigo e a súa comarca.

O día 21, os folguistas ocuparon os locais do sindicato vertical e celebraron unha asemblea masiva, na que deciden continuar a folga e nomear unha Comisión para informar nas empresas e que as súas propias asembleas tomasen os seus acordos.

A partir dese día, o sindicato vertical pechou os seus locais e a patronal enviou seis mil cartas de despedimento, moitas delas acompañadas de boletín de readmisión e cominando os receptores a se incorporaren de forma inmediata ao traballo.

Moitos dos dirixentes sindicais, en situación de busca e captura pola Brigada Político Social, víronse obrigados a pasar á clandestinidade.

As detencións, os despedimentos, a toma por parte da policía dos espazos públicos onde se celebraban as asembleas e o control das rúas polas forzas de seguridade da ditadura forzaron a decisión da volta gradual ao traballo a partir do día 25 de setembro de 1972.

Arredor de cincocentas persoas foron despedidas sen readmisión, maioritariamente as que formaban o núcleo organizador da folga nas empresas; moitas delas foron encarceradas, torturadas e xulgadas polo tenebroso Tribunal de Orde Pública. De-



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2022 10:47	Páxina 5 de 58
3594-1101	CSV: A1A9B4-45A5C5-3145AH-MCYL5H-552QTG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

cenos e decenas de traballadores e traballadoras tiveron que pasar á clandestinidade e ao exilio.

No ano 1997, por proposta do sindicato Comisións Obreiras, o Parlamento de Galicia aprobou por unanimidade unha declaración institucional sobre o especial significado do 10 de marzo de 1972 como Día da Clase Obreira Galega; a efeméride acadou rango oficial no ano 2006.

Neste ano do 50 aniversario da loita obreira de 1972 en Vigo, que foi exemplo para outras cidades do país, é necesario e de xustiza que aqueles acontecementos formen parte da identidade da nosa cidade; que as novas xeracións saiban que os dereitos se loitan e se defenden, e que as mulleres e homes de Vigo foron fundamentais na consecución da liberdade e a democracia.”

Acordo. A anterior Declaración Institucional enténdese aprobada por asentimento dos membros presentes da Corporación.

DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

3.(174) MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL XERAL (1). EXPTE. 2929/500 (EXPTE. PLENO 3522/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 4 de agosto do 2022, a xefa da Inspección de Tributos, a directora de Ingresos e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, emiten o seguinte informe proposta,

“1.NORMATIVA APLICABLE:

- Constitución española de 27 de decembro de 1978.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (en adiante, TRLRFL), artigo 74.5.
- Real Decreto 243/1995, de 17 de febreiro, polo que se dictan normas para a xestión do Imposto sobre Actividades Económicas.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (en adiante, LXT)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (en adiante, LPAC).
- RD 203/2021 de 30 de marzo polo que se aproba o Regulamento da actuación e funcionamento do sector publico por medios electrónicos.
- Real Decreto 939/2005 de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, modificado polo Real Decreto 1071/2017 de 29 de decembro (en adiante, RXR).
- Regulamento UE 2016/679 do 27 de abril do Parlamento Europeo e do Consello.

2. ANTECEDENTES DE FEITO.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2022 10:47	Páxina 6 de 58
3594-1101	CSV: A1A9B4-45A5C5-3145AH-MCYL5H-552QTG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Primeiro.- Mediante Acordo plenario de data 29 de setembro de 2021 aprobouse a modificación de determinados artigos da presente Ordenanza Fiscal Xeral.

Segundo.- O Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Orzamentos e Facenda ditou orde de inicio de expediente de modificación en data 27 de xullo de 2022.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS.

Para a aplicación dos tributos, a administración municipal ten que rexirse pola normativa propia de cada tributo, pero tamén ten que seguir as normas de xestión, liquidación, inspección, recadación e revisión establecidas en normativa legal e desenvolvidas nesta Ordenanza fiscal xeral.

A través da Ordenanza Fiscal Xeral, o Concello de Vigo adapta a normativa tributaria ao réxime de organización e funcionamento interno propio, tal e como establece o artigo 12.2 do TRLRFL.

I. A presente modificación consiste na adaptación do artigo 36.2 da ordenanza aos prazos mínimos de elaboración de determinados padróns fiscais.

O padrón fiscal de Exaccións Unificadas Industriais (taxa de lixo comercial e vados) elabórase a partir da información que proporciona a AEAT co envío da Matrícula anual do Imposto de actividades Económicas. Este envío vense demorando nos dous últimos anos de forma que non se produce antes do 15 de xuño. Por esta circunstancia debemos propoñer a cobranza nos meses de agosto e setembro.

Respecto do padrón da taxa por recollida de lixo vivendas o texto vixente determina que debe iniciarse no primeiro semestre do ano, de forma que nos últimos anos a cobranza vense iniciando o 30 de xuño. Na elaboración deste padrón debemos incorporar a información catastral contida no envío do padrón fiscal do IBI que remite a Dirección Xeral do Catastro a 30 de marzo. Por esta circunstancia debemos propoñer a cobranza nos meses de xullo e agosto.

II. Por motivos de economía no procedemento, introdúcese unha modificación na:

ORDENANZA FISCAL Nº 2 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES:

- Engádese, no artigo 6.- Bonificacións, un apartado 5 do seguinte tenor literal:

5.

1. Gozarán dunha bonificación do 50% na cota íntegra do imposto durante os tres períodos impositivos seguintes á finalización de instalacións de sistemas de aproveitamento de enerxía solar os inmobles de uso residencial onde se instalen ditos sistemas e cos seguintes requisitos:

- Que as instalacións foran obxecto de comunicación previa/licenza á Xerencia Municipal de Urbanismo.
- Que as instalacións para a produción de calor inclúan colectores homologados pola administración competente.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2022 10:47	Páxina 7 de 58
3594-1101	CSV: A1A9B4-45A5C5-3145AH-MCYL5H-552QTG-FD	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

c) No caso de inmobles suxeitos ao réxime de propiedade horizontal que realicen unha instalación compartida para subministrar enerxía a todos ou a algún deles, só poderán beneficiarse da bonificación os inmobles vinculados á instalación.

2. O importe da bonificación anual non poderá exceder para cada inmovible e exercicio do 50% do custe da execución material da instalación ou ben do 50% do custe de execución material repercutida a cada propietario/a no caso de inmobles suxeitos a división horizontal.

Nos dous casos anteriores, en cómputo global, o importe da bonificación concedida durante os tres exercicios non poderá superar o 95% do custe de execución material da instalación.

3. A bonificación poderá solicitarse, acompañando a documentación xustificativa dos requisitos esixidos no apartado 1 deste artigo ou nº de expediente da Xerencia Municipal de Urbanismo no que conste a mesma, en calquera momento anterior á terminación dos tres exercicios nos que resulte de aplicación. Surtirá efectos, no seu caso, para o período impositivo seguinte a aquel no que se solicite. Esta bonificación non será de aplicación cando a instalación dos sistemas de aproveitamento de enerxía solar sexa obrigatoria segundo a normativa específica na materia.

- O actual apartado 5 do artigo 6 pasa a ser o apartado 6 de dito artigo.

- Engádese unha Disposición Transitoria regulando a aplicación do beneficio fiscal previsto no artigo 6.5 para as instalacións rematadas en 2020, 2021 e 2022:

As instalacións rematadas en 2020 poderán disfrutar da bonificación regulada no artigo 6.5 durante o exercicio 2023.

As instalacións rematadas en 2021 poderán disfrutar da bonificación regulada no artigo 6.5 durante os exercicios 2023 e 2024.

As instalacións rematadas en 2022 poderán disfrutar da bonificación regulada no artigo 6.5 durante os exercicios 2023, 2024 e 2025.

3. INFORME SOBRE REPERCUSIÓN ORZAMENTARIA.

Para os efectos do disposto no artigo 129.7 da Lei 39/2015, cómpre indicar que a modificación da Ordenanza Fiscal Xeral non terá repercusión económica, ao tratarse unicamente dunha modificación que afecta a datas de cobranza de determinados padróns fiscais.

No tocante á bonificación do IBI que se propón, estímase que terá unha repercusión orzamentaria de 300.000€ no exercicio 2023 como resultado da aplicación da bonificación a instalacións rematadas nos exercicios 2020, 2021 e 2022. Non obstante o anterior, esta minoración non terá reflexo na partida orzamentaria 113.00 prevista para o exercicio 2023 cuxa contía ascende a 68.665.000€ respecto do 2022 porque con efectos do 1 de xaneiro de 2023 se incorporarán ao padrón de bens inmobles de natureza urbana 6.000 parcelas que anteriormente estaban incluídas no padrón de bens inmobles de natureza rústica. Estas parcelas figuran coa clasificación urbanística de solo urbano consolidado e están incluídas no Instrumento de Ordenación Provisional aprobado por acordo plenario de 24 de xullo de 2019.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2022 10:47	Páxina 8 de 58
3594-1101	CSV: A1A9B4-45A5C5-3145AH-MCYL5H-552QTG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Estimando unha variación de valor catastral promedio para cada unha das 6.000 parcelas de 5.000€, significaría un valor catastral adicional de 30.000.000€, o que devengaría unha cota aproximada de 300.000€.

4. INNECESARIEDADE DO TRÁMITE PREVISTO NO ARTIGO 133 DA LEI 39/2015.

Segundo o apartado 4 do artigo 133 da Lei 39/2015, *“cando a proposta normativa non teña un impacto significativo na actividade económica, non impoña obrigas relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia, poderá omitirse a consulta pública”* a que se refire o apartado 1 do mesmo artigo.

Segundo informe do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo de data 20.06.17 coincidente co da Dirección Xeral de Tributos de data 10 de xaneiro de 2018: *“o trámite de consulta previa debe substanciarse cando se trata dunha nova ordenanza fiscal, mentres que no caso da modificación dunha ordenanza fiscal aprobada con anterioridade, pode obviarse dito trámite por tratarse dunha regulación parcial da materia”*.

Tramitación da modificación.

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da LRBRL, artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o TRLRFL e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL.

Segundo informe do TEA do Concello de data 15 de xuño de 2018, *«unha vez incorporados os correspondentes informes xurídicos, técnicos e económicos, será redactado Informe-Proposta e o expediente será remitido á Intervención Xeral. Expresamente se solicitará a dito órgano que “de conformidade co indicado polo TEACV, órgano competente para o Ditame sobre os Proxectos de Ordenanzas Fiscais, deberá informarse sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, suficiencia financeira e demais restricións orzamentarias que se puideran derivar do acordo proposto”*.

Con carácter potestativo poderá solicitarse ao TEACV, como ven sucedendo dende a creación deste, informe previo sobre a legalidade da Proposta de Proxecto que se somete a aprobación da Xunta de Goberno Local, a fin de que, tanto polos órganos políticos como polos administrativos, exista garantía sobre a conformidade no Ditame que será emitido con posterioridade á aprobación, no seu caso, da Proposta de Proxecto pola Xunta de Goberno Local. Así mesmo, e se este órgano así o estima conveniente, complementa o control de legalidade de quen teña atribuída dita función nos asuntos que deban ser sometidos á consideración da Xunta de Goberno Local.

Unha vez aprobado o Proxecto pola Xunta de Goberno Local será novamente remitido ao TEACV, quen elaborará o correspondente Ditame. Incorporado o preceptivo Ditame, o expediente, agora xa completo, será remitido á Secretaría do Pleno a fin da súa posta de manifesto aos voceiros dos grupos municipais e para o seu estudio e debate en Comisión Informativa e no Pleno.

De producirse transaccións políticas na fase de Propostas de emendas que varíen a redacción do Proxecto, deberá remitirse novamente o texto modificado á Intervención Xeral para o referido informe sobre cumprimento de restricións orzamentarias como previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local do texto modificado e sometido a novo Ditame do TEACV.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2022 10:47	Páxina 9 de 58
3594-1101	CSV: A1A9B4-45A5C5-3145AH-MCYL5H-552QTG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O expediente co texto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEACV someterase a estudo e aprobación pola Comisión Informativa correspondente e será remitido para a súa aprobación provisional polo Pleno.

Producida dita aprobación provisional, exporase ao público por prazo de trinta días a fin de que, por quen teña a condición de interesado, poida ser plantexada a oportuna reclamación.

De ser presentadas reclamacións, determinarase previamente a admisibilidade das mesmas e, entre as admitidas, resolverase estimando ou desestimando as mesmas, dándose conta á Xunta de Goberno Local e remitíndose ao Pleno para aprobación definitiva. No caso de non presentarse reclamacións ou incorrer todas as presentadas en causa de inadmisibilidade, entenderase aprobado o texto sen necesidade de remisión ao Pleno para a súa aprobación definitiva.

No caso de ser presentadas reclamacións admisibles contra o acordo de aprobación provisional, sexan estimadas ou non, procederá a remisión ao Pleno aos efectos da aprobación definitiva. No caso de que pola estimación de reclamación contra o Acordo de aprobación provisional se modifícase este, o texto da Ordenanza será remitido previamente ao TEACV para novo Ditame».

Á vista do anterior, esta Dirección de Ingresos e Xestión Catastral Delegada solicita, da Xunta de Goberno local a adopción do seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o seguinte Proxecto de Modificación:

“MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL XERAL” (1), COA SEGUINTE REDACCIÓN:

ARTIGO 36.- PRAZOS DE PAGO.

2. Con carácter xeral, a recadación do padrón de vehículos de tracción mecánica realizarase nos meses de abril e maio. O padrón da taxa de recollida de lixo vivendas realizarase nos meses de xullo e agosto. O padrón de exacción unificadas industriais (taxa de lixo comercial e vados) realizarase nos meses de agosto e setembro e os padróns do imposto sobre bens inmobles e do imposto sobre actividades económicas realizarase nos meses de setembro e outubro.

DISPOSICION ADICIONAL:

MODIFICACIÓN DA ORDENANZA Nº 2 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES:

- Engadir, no artigo 6.- Bonificacións, un apartado 5 do seguinte tenor literal:

5.

1. Gozarán dunha bonificación do 50% na cota íntegra do imposto durante os tres períodos impositivos seguintes á finalización de instalacións de sistemas de



Copia do documento - Concello de Vigo
3594-1101

Data impresión: 07/11/2022 10:47

Páxina 10 de 58

CSV: A1A9B4-45A5C5-3145AH-MCYL5H-552QTG-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

aproveitamento de enerxía solar os inmobles de uso residencial onde se instalen ditos sistemas e cos seguintes requisitos:

- a) Que as instalacións foran obxecto de comunicación previa/licenza á Xerencia Municipal de Urbanismo.
- b) Que as instalacións para a produción de calor inclúan colectores homologados pola administración competente.
- c) No caso de inmobles suxeitos ao réxime de propiedade horizontal que realicen unha instalación compartida para subministrar enerxía a todos ou a algún deles, só poderán beneficiarse da bonificación os inmobles vinculados á instalación.

2. O importe da bonificación anual non poderá exceder para cada inmoble e exercicio do 50% do custe da execución material da instalación ou ben do 50% do custe de execución material repercutida a cada propietario/a no caso de inmobles suxeitos a división horizontal.

Nos dous casos anteriores, en cómputo global, o importe da bonificación concedida durante os tres exercicios non poderá superar o 95% do custe de execución material da instalación.

3. A bonificación poderá solicitarse, acompañando documentación xustificativa dos requisitos esixidos no apartado 1 deste artigo ou nº de expediente da Xerencia Municipal de Urbanismo no que conste a mesma, en calquera momento anterior á terminación dos tres exercicios nos que resulte de aplicación. Surtirá efectos, no seu caso, para o período impositivo seguinte a aquel no que se solicite. Esta bonificación non será de aplicación cando a instalación dos sistema de aproveitamento de enerxía solar sexa obrigatoria segundo a normativa específica na materia.

- O actual apartado 5 do artigo 6 pasa a ser o apartado 6 de dito artigo.

- Engadir nesta Ordenanza nº 2 reguladora do IBI unha Disposición Transitoria reguladora da aplicación do beneficio fiscal previsto no artigo 6.5 para as instalacións rematadas en 2020, 2021 e 2022:

As instalacións rematadas en 2020 poderán disfrutar da bonificación regulada no artigo 6.5 durante o exercicio 2023.

As instalacións rematadas en 2021 poderán disfrutar da bonificación regulada no artigo 6.5 durante os exercicios 2023 e 2024.

As instalacións rematadas en 2022 poderán disfrutar da bonificación regulada no artigo 6.5 durante os exercicios 2023, 2024 e 2025.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta modificación comenzará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2023, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa

SEGUNDO Propoñer ao Pleno, previos Ditames do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo e da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda a adopción do seguinte ACORDO....”



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2022 10:47	Páxina 11 de 58
3594-1101	CSV: A1A9B4-45A5C5-3145AH-MCYL5H-552QTG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Deseguido os funcionarios informantes emiten a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O 10 de agosto do 2022, o Interventor xeral emite informe de fiscalización favorable.

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 25.08.2022, acorda aprobar dita proposta.

Con data 29.08.2022, o Tribunal Económico Administrativo emite acordo favorable.

O 1.09.22 o secretario xeral do Pleno emite informe xurídico favorable.

Durante o prazo de seis días para a presentación de emendas polos grupos políticos municipais, o concelleiro membro Non Adscrito (Rexistro Pleno 3536/1101), o grupo municipal Mixto (Rexistro Pleno 3537/1101) e o grupo municipal do Partido Popular (Rexistro Pleno 3534/1101), presentan emendas en data 9.09.22

Con data 15.09.2022, a directora de Ingresos emite informe sobre as emendas presentadas.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, en sesión ordinaria do 21.09.2022, rexeita as emendas e ditamina favorablemente dita proposta.

DELIBERACIÓNS.- Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

Presidencia. Procedese á votación de emendas.

VOTACIÓN DAS EMENDAS PRESENTADAS POLO MEMBRO NON ADSCRITO: Con un voto a favor do concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, seis abstencións dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señor, Bartolomé Tocino, Egerique Mosquera, López Roman e Marnotes González e dezanove votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, quedan rexeitadas as emendas.

VOTACIÓN DAS EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO MIXTO: Con dous votos a favor dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, cinco abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señor, Bartolomé Tocino, Egerique Mosquera, López Roman e Marnotes González mais do concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e dezanove votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández



Copia do documento - Concello de Vigo
3594-1101

Data impresión: 07/11/2022 10:47

Páxina 12 de 58

CSV: A1A9B4-45A5C5-3145AH-MCYL5H-552QTG-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, quedan rexeitadas as emendas.

VOTACIÓN DAS EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR: Con catro votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señor, Bartolomé Tocino, Egerique Mosquera, López Roman e Marnotes González, e vinte e dous votos en contra dos membros, grupo municipal Socialista, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e mais do concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, quedan rexeitadas as emendas.

VOTACIÓN DA PROPOSTA: Con dezanove votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, e sete votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Román e Marnotes González, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora Méndez Fuentes e señor Pérez Correa, e mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

1º) Aprobar inicialmente a “MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL XERAL (1)”

ARTIGO 36.- PRAZOS DE PAGO.

2. Con carácter xeral, a recadación do padrón de vehículos de tracción mecánica realizarase nos meses de abril e maio. O padrón da taxa de recollida de lixo vivendas realizarase nos meses de xullo e agosto. O padrón de exacción unificadas industriais (taxa de lixo comercial e vados) realizarase nos meses de agosto e setembro e os padróns do imposto sobre bens inmobles e do imposto sobre actividades económicas realizarase nos meses de setembro e outubro.

DISPOSICION ADICIONAL:

MODIFICACIÓN DA ORDENANZA Nº 2 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES:

- Engadir, no artigo 6.- Bonificacións, un apartado 5 do seguinte tenor literal:

5.

1. Gozarán dunha bonificación do 50% na cota íntegra do imposto durante os tres períodos impositivos seguintes á finalización de instalacións de sistemas de aproveitamento de enerxía solar os inmobles de uso residencial onde se instalen ditos sistemas e cos seguintes requisitos:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2022 10:47	Páxina 13 de 58
3594-1101	CSV: A1A9B4-45A5C5-3145AH-MCYL5H-552QTG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- a) Que as instalacións foran obxecto de comunicación previa/licenza á Xerencia Municipal de Urbanismo.
- b) Que as instalacións para a produción de calor inclúan colectores homologados pola administración competente.
- c) No caso de inmobles suxeitos ao réxime de propiedade horizontal que realicen unha instalación compartida para subministrar enerxía a todos ou a algún deles, só poderán beneficiarse da bonificación os inmobles vinculados á instalación.

2. O importe da bonificación anual non poderá exceder para cada inmovble e exercicio do 50% do custe da execución material da instalación ou ben do 50% do custe de execución material repercutida a cada propietario/a no caso de inmobles suxeitos a división horizontal.

Nos dous casos anteriores, en cómputo global, o importe da bonificación concedida durante os tres exercicios non poderá superar o 95% do custe de execución material da instalación.

3. A bonificación poderá solicitarse, acompañando documentación xustificativa dos requisitos esixidos no apartado 1 deste artigo ou nº de expediente da Xerencia Municipal de Urbanismo no que conste a mesma, en calquera momento anterior á terminación dos tres exercicios nos que resulte de aplicación. Surtirá efectos, no seu caso, para o período impositivo seguinte a aquel no que se solicite. Esta bonificación non será de aplicación cando a instalación dos sistema de aproveitamento de enerxía solar sexa obrigatoria segundo a normativa específica na materia.

- O actual apartado 5 do artigo 6 pasa a ser o apartado 6 de dito artigo.

- Engadir nesta Ordenanza nº 2 reguladora do IBI unha Disposición Transitoria reguladora da aplicación do beneficio fiscal previsto no artigo 6.5 para as instalacións rematadas en 2020, 2021 e 2022:

As instalacións rematadas en 2020 poderán disfrutar da bonificación regulada no artigo 6.5 durante o exercicio 2023.

As instalacións rematadas en 2021 poderán disfrutar da bonificación regulada no artigo 6.5 durante os exercicios 2023 e 2024.

As instalacións rematadas en 2022 poderán disfrutar da bonificación regulada no artigo 6.5 durante os exercicios 2023, 2024 e 2025.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta modificación comenará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2023, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa

2º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

3º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2022 10:47	Páxina 14 de 58
3594-1101	CSV: A1A9B4-45A5C5-3145AH-MCYL5H-552QTG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Facúltase ao Concelleiro de Orzamentos e Facenda para a redacción do correspondente texto refundido.”

4.(175) MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POR APROVEITAMENTO ESPECIAL OU UTILIZACIÓN PRIVATIVA DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL (30). EXPTE 2922/500 (EXPTE. PLENO 3521/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 22 de agosto do 2022, a xefa da Inspección de Tributos, a directora de Ingresos e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, emiten o seguinte informe proposta,

“1.NORMATIVA APLICABLE:

- Constitución española de 27 de decembro de 1978.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (en adiante, TRLRFL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (en adiante, LXT).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (en adiante, LPAC).
- RD 203/2021 de 30 de marzo polo que se aproba o Regulamento da actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos.
- Real Decreto 939/2005 de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, modificado polo Real Decreto 1071/2017 de 29 de decembro (en adiante, RXR).
- Lei 9/2014, de 9 de maio, xeral de telecomunicacións.
- Directiva 2002/21 Marco regulador común de redes e servizos de telecomunicacións (Directiva Marco), Directiva 2002/20 relativa á autorización de redes e servizos de telecomunicacións (Directiva Autorización), Directiva 2002/12 de Acceso ás redes de comunicacións e recursos asociados á súa interconexión (Directiva Acceso) e Directiva 2002/22 sobre servizo universal e dereitos dos usuarios en relación coas redes e os servizos de comunicacións electrónicas (Directiva de Servizo Universal).

2. ANTECEDENTES.

Primeiro.- No Concello de Vigo está vixente a ordenanza nº 35 reguladora da taxa pola utilización privativa e aproveitamento especial constituído no solo, subsolo ou voo da vía pública a favor de empresas explotadoras de servizos de telefonía móbil, mediante a que se grava ás empresas explotadoras desta modalidade de telefonía titulares de redes que presten servizos de telefonía móbil (esixencias fixadas polo Tribunal de Xustiza da Unión Europea na súa sentenza do 12/07/2012).

O Concello de Vigo tamén ten vixente a Ordenanza nº 30 reguladora das taxas por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local mediante a que determinadas empresas prestadoras de servizos de subministro de interese xeral ingresan por importe do 1,5% dos ingresos brutos estimados obtidos no término municipal de Vigo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2022 10:47	Páxina 15 de 58
3594-1101	CSV: A1A9B4-45A5C5-3145AH-MCYL5H-552QTG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Mediante a aplicación destas dúas ordenanzas o Concello, tras múltiples procedementos xudiciais, ingresou por estes conceptos tributarios nos últimos anos a cantidade de 4.100.000€, procedentes de tres suxeitos pasivos: VODAFONE, ORANGE e R (non se inclúe MOVISTAR porque ten un réxime especial por ser empresa do grupo TELEFONICA DE ESPAÑA).

Con carácter previo a conseguir a efectividade destes ingresos, o 90% das liquidacións emitidas foran recorridas perante os xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, que ditaron sentenzas favorables ao Concello contra as que as mercantís interpuxeron recursos de apelación, que foron desestimados polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (Procedementos ordinarios 356/2015- Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, 402/2015- Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo, 361/2015- Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, 57/2017- Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, 370/2017- Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo e Recursos de Apelación 15011/2016, 15033/2018, 15034/2019 e 15026/2018). Igualmente, unha das mercantís preparou recurso de casación que foi inadmitido polo Tribunal Supremo.

Segundo.- Diante destes resultados xudiciais desfavorables para as operadoras, estas transferiron a titularidade das redes instaladas no subsolo do dominio público local a empresas do grupo non prestadoras de servizos para eludir as dúas condicións que impuxera o Tribunal Superior de Xustiza da Unión Europea para seren gravadas: ser titulares de redes e prestadoras de servizos. Diante desta realidade, a Ordenanza nº 35 resulta inaplicable porque as empresas prestadoras non son titulares de redes/infraestruturas.

Terceiro.- Ante a imposibilidade de poder aplicar a Ordenanza nº 35, o Concello engadiu na Ordenanza fiscal nº 30 reguladora das taxas por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local un epígrafe I.4 no apartado 4 do artigo 4 mediante o que se gravarían ás empresas tenedoras de redes pola ocupación efectiva do subsolo público municipal, con independencia dos servizos que presten (telefonía fixa, móbil, datos, internet...). Neutralizábase así a estratexia das empresas de telecomunicacións para eludir a taxa, transferindo as infraestruturas a empresas unicamente tenedoras, pero non prestadoras de servizo ningún.

En aplicación deste novo epígrafe, a administración tributaria do Concello aprobou liquidacións durante os exercicios 2019-2020 e 2021 que as operadoras recorreron aos xulgados correspondentes.

Este gravame ás empresas por ocupación efectiva aínda que non prestaren servizos foi recorrido directamente perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e, con resultado desfavorable para o Concello, pois este Tribunal anulou este epígrafe na súa sentenza nº 268/2021, do 23 de xuño (da que tomou coñecemento a Xunta de Goberno Local na súa sesión de 10 de setembro de 2021), acolléndose a un cambio xurisprudencial contido na Sentenza do Tribunal Supremo nº 155/2021, do 26 de abril, ditada a partir doutro cambio de criterio xurisprudencial do Tribunal Superior de Xustiza da Unión Europea, manifestado na súa sentenza do 21/01/2021.

Diante desta imposibilidade real de gravar a capacidade económica revelada polas operadoras de telecomunicacións, con amparo na regulación vixente do Texto re-



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2022 10:47	Páxina 16 de 58
3594-1101	CSV: A1A9B4-45A5C5-3145AH-MCYL5H-552QTG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

fundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello preparou recurso de casación que obra no expediente contra esta sentenza 268/2021. O Tribunal Supremo ditou Providencia de inadmisión de data 27/04/2022 por non apreciar a concorrencia de interese casacional (da que tomou coñecemento a Xunta de Goberno Local na súa sesión de 09/06/2022).

Cuarto.- Tras esta xurisprudencia europea acollida polo Tribunal Supremo, o Concello poderá facer tributar os servizos de telefonía fixa e internet co método de cálculo do 1,5% dos ingresos brutos estimados no término municipal de Vigo conforme á ordenanza fiscal nº 30.

A ordenanza fiscal nº 35, de teórica aplicación para a telefonía móbil, resulta inaplicable porque as empresas operadoras teñen trasladado as súas instalacións e redes a empresas do grupo, meras tenedoras patrimoniais, agás no caso de R, que mantén a dobre condición de titular das redes e prestadora dos servizos.

A fin de poder exaccionar o relativo á taxa de telefonía fixa e internet, cómpre aprobar a modificación da Ordenanza que se inclúe no presente expediente para así acomodarnos ao novo criterio do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, acollido polo Tribunal Supremo.

Quinto.- A día de hoxe, o Tribunal Supremo ten fixada a seguinte doutrina legal na súa Sentenza nº 155/2021, do 26 de abril:

“Las limitaciones que para la potestad tributaria de los Estados miembros se derivan de los artículos 12 y 13 de la Directiva 2002/20/CE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 7 de marzo de 2002, relativa a la autorización de redes y servicios de telecomunicaciones (Directiva autorización), tal como han sido interpretados por la STJUE (Sala Cuarta) de 27 de enero de 2021, Orange, C-764/18, no rigen para las tasas por utilización privativa o aprovechamiento especial del dominio público local exigidas a las compañías que actúan en el sector de la telefonía fija y de los servicios de internet, tanto si éstas son las titulares de las redes o infraestructuras utilizadas como si son titulares de un derecho de uso, acceso o interconexión a las mismas”.

3. INFORME SOBRE REPERCUSIÓN ORZAMENTARIA.

Para os efectos do disposto no artigo 129.7 da Lei 39/2015, cómpre indicar que a presente modificación terá un impacto orzamentario na partida 333.00 do orzamento de ingresos de 2023 (taxas empresas titulares de redes de telecomunicacións, que deberá pasar a denominarse taxas empresas operadoras de telecomunicacións- 1,5%) de 1.250.000€, quedando reducida a previsión para 2023 a 500.000€.

Esta redución de ingresos derívase da inaplicación da ordenanza nº 35 a empresas non prestadoras de servizos de telefonía móbil, meras tenedoras de redes e infraestruturas e á aplicación aos servizos de telefonía fixa e internet da modalidade de cálculo do 1,5% aos ingresos brutos no término municipal.

4. INNECESARIEDADE DO TRÁMITE PREVISTO NO ARTIGO 133 DA LEI 39/2015.

Segundo o apartado 4 do artigo 133 da Lei 39/2015, *“cando a proposta normativa non teña un impacto significativo na actividade económica, non impoña obrigas relevantes*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2022 10:47	Páxina 17 de 58
3594-1101	CSV: A1A9B4-45A5C5-3145AH-MCYL5H-552QTG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia, poderá omitirse a consulta pública” a que se refire o apartado 1 do mesmo artigo.

Segundo informe do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo de data 20.06.17 coincidente co da Dirección Xeral de Tributos de data 10 de xaneiro de 2018: “o trámite de consulta previa debe substanciarse cando se trata dunha nova ordenanza fiscal, mentres que no caso da modificación dunha ordenanza fiscal aprobada con anterioridade, pode obviarse dito trámite por tratarse dunha regulación parcial da materia”.

Tramitación da modificación.

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da LRBRL, artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o TRLRFL e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL.

Segundo informe do TEA do Concello de data 24 de xuño de 2020, «*unha vez incorporados os correspondentes informes xurídicos, técnicos e económicos, será redactado Informe-Proposta e o expediente será remitido á Intervención Xeral. Expresamente se solicitará a dito órgano que “de conformidade co indicado polo TEACV, órgano competente para o Ditame sobre os Proxectos de Ordenanzas Fiscais, deberá informarse sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, suficiencia financeira e demais restricións orzamentarias que se puideran derivar do acordo proposto”.*

Con carácter potestativo poderá solicitarse ao TEACV, como ven sucedendo dende a creación deste, informe previo sobre a legalidade da Proposta de Proxecto que se somete a aprobación da Xunta de Goberno Local, a fin de que, tanto polos órganos políticos como polos administrativos, exista garantía sobre a conformidade no Ditame que será emitido con posterioridade á aprobación, no seu caso, da Proposta de Proxecto pola Xunta de Goberno Local. Así mesmo, e se este órgano así o estima conveniente, complementa o control de legalidade de quen teña atribuída dita función nos asuntos que deban ser sometidos á consideración da Xunta de Goberno Local.

Unha vez aprobado o Proxecto pola Xunta de Goberno Local será novamente remitido ao TEACV, quen elaborará o correspondente Ditame. Incorporado o preceptivo Ditame, o expediente, agora xa completo, será remitido á Secretaría do Pleno a fin da súa posta de manifesto aos voceiros dos grupos municipais e para o seu estudo e debate en Comisión Informativa e no Pleno.

De producirse transaccións políticas na fase de Propostas de emendas que varíen a redacción do Proxecto, deberá remitirse novamente o texto modificado á Intervención Xeral para o referido informe sobre cumprimento de restricións orzamentarias como previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local do texto modificado e sometido a novo Ditame do TEACV.

O expediente co texto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEACV someterase a estudo e aprobación pola Comisión Informativa correspondente e será remitido para a súa aprobación provisional polo Pleno.

Producida dita aprobación provisional, exporase ao público por prazo de trinta días a fin de que, por quen teña a condición de interesado, poida ser plantexada a oportuna reclamación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2022 10:47	Páxina 18 de 58
3594-1101	CSV: A1A9B4-45A5C5-3145AH-MCYL5H-552QTG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

De ser presentadas reclamacións, determinarase previamente a admisibilidade das mesmas e, entre as admitidas, resolverase estimando ou desestimando as mesmas, dándose conta á Xunta de Goberno Local e remitíndose ao Pleno para aprobación definitiva. No caso de non presentarse reclamacións ou incorrer todas as presentadas en causa de inadmisibilidade, entenderase aprobado o texto sen necesidade de remisión ao Pleno para a súa aprobación definitiva.

No caso de ser presentadas reclamacións admisibles contra o acordo de aprobación provisional, sexan estimadas ou non, procederá a remisión ao Pleno aos efectos da aprobación definitiva. No caso de que pola estimación de reclamación contra o Acordo de aprobación provisional se modificase este, o texto da Ordenanza será remitido previamente ao TEACV para novo Ditame».

En base ao exposto e ao Fallo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia contido na súa Sentenza 268/2021, que sinalou no seu FD 3 in fine que *“Con independencia del criterio seguido por estos Tribunales con anterioridad al dictado de la STJUE de 27.01.2021 (...), sin impedimento del Derecho comunitario al establecimiento de una tasa que grave la ocupación del dominio público local por empresas titulares de las infraestructuras y red de telecomunicaciones que las utilizan para la telefonía fija e internet, en atención al 1.5% de sus ingresos brutos anuales, la cuantificación que realiza el artículo 4.4.1.4 de la OF n. 30 para estos supuestos, en aplicación de la regla general del artículo 24.1.a) TRLRHL, infringe el principio de reserva de Ley, motivo por el que debe anularse en relación a dichos operadores”*, esta Dirección de Ingresos e Xestión Catastral Delegada propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o seguinte Proxecto de Modificación da:

ORDENANZA Nº 30 REGULADORA DAS TAXAS POR APROVEITAMENTO ESPECIAL E UTILIZACION PRIVATIVA DO DOMINIO PUBLICO LOCAL:

ARTIGO 4.

a) Suprimir o epígrafe I.4 do artigo 4.4

b) Suprimir no apartado 5 do artigo 4:

- no primeiro parágrafo, a seguinte frase: *“ --agás as empresas de telecomunicacións que tributarán conforme ao epígrafe I.4 do artigo 4.4--”*

- no cuarto parágrafo a seguinte frase: *“as empresas titulares de redes e outras infraestructuras de telecomunicacións tributarán conforme ao epígrafe I.4 do artigo 4.4”*

c) Suprimir o terceiro parágrafo do artigo 6.2

d) Substituír do cuarto parágrafo do artigo 6.2 polo seguinte texto: *Ingresarán polo procedemento de autoliquidación no primeiro mes de cada semestre o importe da taxa a que alude o apartado 5 do artigo 4 desta ordenanza, correspondente ao semestre anterior. As autoliquidacións practicadas terán o carácter de “a conta” da autoliquidación de regularización que se presentará antes do 30 de xullo do exercicio seguinte. A autoliquidación de regularización practicada en xullo deberá ir acompañada de Balance de Situación e Conta de Explotación da entidade, relativos ao exercicio precedente, certificados pola Presidencia do Consello de Administración , así como informe de audi-*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2022 10:47	Páxina 19 de 58
3594-1101	CSV: A1A9B4-45A5C5-3145AH-MCYL5H-552QTG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

toría onde conste expresamente a facturación correspondente ao término municipal de Vigo no citado período.

e) Substituír a Disposición Final Segunda polo seguinte texto: *Esta ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no BOP e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2023, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.*

SEGUNDO.- Proponer ao Pleno, previos Ditames do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo e da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda a adopción do seguinte ACORDO...”

Deseguido os funcionarios informantes emiten a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O 10 de agosto do 2022, o Interventor xeral emite informe de fiscalización favorable.

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 25.08.2022, acorda aprobar dita proposta.

Con data 29.08.2022, o Tribunal Económico Administrativo ditamina favorablemente a proposta.

O 1.09.22 o secretario xeral do Pleno emite informe xurídico favorable.

Durante o prazo de seis días para a presentación de emendas polos grupos políticos municipais, o concelleiro membro Non Adscrito (Rexistro Pleno 3536/1101) presenta emenda en data 9.09.22.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, en sesión ordinaria do 21.09.2022, ditamina favorablemente dita proposta. O membro non adscrito manifesta que presentara voto particular.

O concelleiro membro non adscrito, en data 26 de setembro de 2022, presenta voto particular (Rexistro Pleno 3570/1101).

DELIBERACIÓNS.- Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

VOTACIÓN DA EMENDA PRESENTADA POLO MEMBRO NON ADSCRITO: Con un voto a favor do concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, seis abstencións dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señor, Bartolomé Tocino, Egerique Mosquera, López Roman e Marnotes González e dezanove votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, Aguiar Castro, Aneiros Pereira,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2022 10:47	Páxina 20 de 58
3594-1101	CSV: A1A9B4-45A5C5-3145AH-MCYL5H-552QTG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, queda rexeitada a emenda.

VOTACIÓN DA PROPOSTA: Con dezanove votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, catro abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Román e Marnotes González, e tres votos en contra dos membros do grupo municipal Mixto, señora Méndez Fuentes e señor Pérez Correa, e mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

1º) Aprobar inicialmente a “MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 30 REGULADORA DAS TAXAS POR APROVEITAMENTO ESPECIAL E UTILIZACIÓN PRIVATIVA DO DOMINIO PUBLICO LOCAL:

ARTIGO 4.

a) Suprimir o epígrafe I.4 do artigo 4.4

b) Suprimir no apartado 5 do artigo 4:

- no primeiro parágrafo, a seguinte frase: “ --agás as empresas de telecomunicacións que tributarán conforme ao epígrafe I.4 do artigo 4.4--”

- no cuarto parágrafo a seguinte frase: “as empresas titulares de redes e outras infraestruturas de telecomunicacións tributarán conforme ao epígrafe I.4 do artigo 4.4”

c) Suprimir o terceiro parágrafo do artigo 6.2

d) Substituír do cuarto parágrafo do artigo 6.2 polo seguinte texto: *Ingresarán polo procedemento de autoliquidación no primeiro mes de cada semestre o importe da taxa a que alude o apartado 5 do artigo 4 desta ordenanza, correspondente ao semestre anterior. As autoliquidacións practicadas terán o carácter de “a conta” da autoliquidación de regularización que se presentará antes do 30 de xullo do exercicio seguinte. A autoliquidación de regularización practicada en xullo deberá ir acompañada de Balance de Situación e Conta de Explotación da entidade, relativos ao exercicio precedente, certificados pola Presidencia do Consello de Administración , así como informe de auditoría onde conste expresamente a facturación correspondente ao término municipal de Vigo no citado período.*

e) Substituír a Disposición Final Segunda polo seguinte texto: *Esta ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no BOP e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2023, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.*

2º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2022 10:47

Páxina 21 de 58

3594-1101

CSV: A1A9B4-45A5C5-3145AH-MCYL5H-552QTG-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

3º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

Facúltase á Concellería de Orzamentos e Facenda para a aprobación do correspondente texto refundido.

5.(176) DAR CONTA DAS LIÑAS FUNDAMENTAIS DO ORZAMENTO DO 2023. EXPTE. 225/143 (EXPTE. PLENO 3533/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta da Resolución da Alcaldía, de data 6.09.22 que di o que segue,

“Vista a proposta formulada polo Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda, de conformidade co disposto no artigo 168.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar as Liñas Fundamentais do Orzamento elaborado por esta Entidade Local para o perímetro de consolidación nos termos do SEC 2010, que servirán de base para a elaboración do Orzamento do ano 2022.

Estado de gastos consolidado, grupo Concello de Vigo: (Entidade Local, Xerencia Municipal de Urbanismo e Fundacións Marco e Convention Bureau.

Nos estados de gastos e ingresos xa se están a considerar as achegas de financiamento que está a facer a Entidade Matriz ao Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo e as Fundacións que forman parte do perímetro de consolidación.

Quedan incorporados os axustes de consolidación correspondentes ao Grupo, cuxa contía e detalle queda reflectida na táboa que se achega.

Estado de gastos consolidado (Entidade Local, XMU, Fundación Marco e Convention Bureau).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2022 10:47	Páxina 22 de 58
3594-1101	CSV: A1A9B4-45A5C5-3145AH-MCYL5H-552QTG-FD	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Axustes de Consolidación

Aplicación	Institución	Importe
1510.410000 0	Transferencia de financiamento á XMU	5.829.965,00
3330.489000 3	Transferencia de financiamento á FUNDACIÓN MARCO	650.000,00
4320.489000 0	FUNDACIÓN CONVENTIUN BUREAO	200.000,00
		6.679.965,00

Capítulo	2022			2023	
	Créd. iniciais	Créd. definitivos	%	Estimado Obl.Recoñecidas	Créd. iniciais
1	78.604.573,92	79.519.217,25		71.904.279,14	81.280.030,08
2	138.285.426,25	155.803.847,13		140.195.950,53	151.444.316,61
3	32.031,00	52.031,00		30.281,00	57.030,00
4	26.418.928,69	27.624.215,77	95,00%	26.243.004,98	27.395.908,69
5	600.000,00	600.000,00	0,00%	,00	600.000,00
G. Corrente NF	243.940.959,86	263.599.311,15		238.373.515,65	260.777.285,38
6	40.741.352,32	149.009.629,21		74.074.052,72	27.655.189,25
7	841.444,00	6.410.699,20		1.907.728,12	921.444,00
G. capital NF	41.582.796,32	155.420.328,41		75.981.780,84	28.576.633,25
G. Non Financ.	285.523.756,18	419.019.639,56		314.355.296,49	289.353.918,63
8	532.000,00	532.000,00		395.800,00	532.000,00
Total	286.055.756,18	419.551.639,56		314.751.096,49	289.885.918,63

Estado de ingresos Consolidado (Entidade Local, XMU, Fundación Marco e Convention Bureau).

Capítulo	2022			2023	
	Créd. iniciais	Créd. definitivos	%	Estimado Der. Rcoñecidos	Créd. iniciais
1	113.120.306,00	113.120.306,00	100,00%	110.857.899,88	111.719.778,26
2	10.362.766,18	10.362.766,18	100,00%	11.088.159,81	11.001.783,14
3	41.887.457,85	41.898.673,48	105,00%	44.694.458,96	42.863.930,16
4	93.719.998,57	98.045.800,87	98,00%	100.974.495,40	104.309.100,15
5	2.785.059,76	2.825.059,76	100,00%	2.685.856,77	2.936.262,61
I. Corrente NF	261.875.588,36	266.252.606,29		270.300.870,82	272.830.854,32
6	,00	,00		,00	0,00
7	23.648.167,82	26.956.051,91	80,00%	23.055.666,21	16.523.064,31
I. capital NF	23.648.167,82	26.956.051,91	85,53%	23.055.666,21	16.523.064,31
Total I. NF	285.523.756,18	293.208.658,20	100,05%	293.356.537,03	289.353.918,63
8	532.000,00	124.342.681,36	75,00%	395.800,00	532.000,00
Total	286.055.756,18	417.551.339,56	70,35%	293.752.337,03	289.885.918,63

Desagregación capítulo 1 e 2 do estado de ingresos.



Concepto		2022	2023
IBI	71.216.000,00	71.291.680,00	71.351.000,00
IAE	12.531.000,00	12.280.380,00	12.531.000,00
IVTM	14.900.000,00	14.602.000,00	14.900.000,00
IIVTNU	7.400.000,00	5.642.534,48	5.400.000,00
ICIO	2.501.000,00	2.976.070,00	2.751.000,00
irpf+ive+iiee	14.935.072,18	15.153.395,21	15.788.561,40
FCF+Liq/2021	79.349.842,35	82.659.035,52	85.650.666,20

Capacidade/Necesidade de financiamento e Débeda viva

		CÁLCULO ESTABILIDADE ORZAMENTARIA			
Capítulos	D.Axustados	Obrigas	2022	2023	
			Sperávit/déficit	Dreitos	Obrigas
1	110.956.345,86	71.904.279,14			
2	11.032.928,90	140.195.950,53			
3	39.862.620,25	30.281,00			
4	100.974.495,40	26.243.004,98			
5	2.685.856,77	0,00			
O.correntes N.F	265.512.247,18	238.373.515,65	27.138.731,53	272.830.854,32	260.777.285,38
6	0,00	74.074.052,72			
7	23.055.666,21	1.907.728,12			
Op. Capital N.F	23.055.666,21	75.981.780,84	-52.926.114,63	16.523.064,31	28.576.633,25
O.N.financieiras	288.567.913,39	314.355.296,49	-25.787.383,10	289.353.918,63	289.353.918,63
	Axuste CN, liquidación 2008-2009		221.170,59		
	Axuste CN, PTE		947.025,86		
	Necesidade de financiamento		-24.619.186,65		,00

SEGUNDO. Remitir as Liñas Fundamentais do Orzamento do Grupo Concello de Vigo ao Ministerio de Facenda polos medios telemáticos habilitados ao efecto antes das 24 horas do día 14 de setembro de 2022.

TERCEIRO. Dar conta da Resolución ao Pleno da Corporación, remitindo o expediente completo.

CUARTO. Notificar ao Sr. Interventor aos efectos de asinar a remisión."

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, en sesión ordinaria do 21.09.2022, quedou informada.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

ACORDO. O Pleno da Corporación queda enterado das Liñas Fundamentais do Orzamento do ano 2023.



6.(177) AUTORIZACIÓN DE COMPATIBILIDADE AO FUNCIONARIO DE CARREIRA X. PAZ SALGADO, ADSCRITO Á ÁREA DE SERVIZOS XERAIS. EXPTE. 40628/220 (EXPTE. PLENO 3535/1101)

ANTECEDENTES.- Con data 7 de setembro do 2022, a técnica de Admón. Xeral, a xefa de Recursos Humanos e Formación co conforme da concelleira de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, emiten o seguinte informe proposta,

“ANTECEDENTES

I.- Por acordo de Pleno de data 30/03/2022 estimouse a solicitude de compatibilidade ao funcionario interino X. Paz Salgado, enxeñeiro de camiños, canais e portos, adscrito á Área de servizos xerais, coa actividade de profesor asociado a tempo parcial P05 na Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña, perdendo o seu efecto unha vez se modifiquen algunha das circunstancias actuais

II.- Por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria do 22/04/2022, nomeouse como funcionario de carreira con cargo a praza vacante de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos incluída na OEP 2017-2018-2019 a D. X. Paz Salgado con DNI *** 1832**. A toma de posesión tivo lugar con data 10 de maio de 2022.

III.- Consta no expediente resolución reitoral, de data 26/07/2022 da Universidade da Coruña dirixida ao Sr Paz Salgado, indicando o cambio de dedicación de profesor asociado P05 e P04, con docencia na ETS de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos para o curso 2022/2023, manifestando a mesma que para poder tramitar a prórroga do contrato deberei remitir solicitude de autorización de compatibilidade na miña actividade principal.

IV.- En data 19/08/2022 o Sr. Paz Salgado, presenta escrito solicitando a compatibilidade do coa actividade de profesor asociado a tempo parcial con dedicación P04 na ETS de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña. Xunto coa súa solicitude adxunta Resolución da Universidade da Coruña pola que se modifica o réxime de dedicación como profesor asociado, pasando a ser profesor asociado con dedicación a tempo parcial P4, así como certificado de retribucións e certificado do horario na Universidade.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- Cuestión previa.-

Con carácter previo resulta necesario deixar constancia de que o presente informe-proposta emítese ao abeiro do disposto no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, conténdose no mesmo a interpretación razoada e fundada en Dereito -xurídica, doutrinal e xurisprudencialmente motivada- da funcionaria suscribinte, na súa condición de técnico de Administración Xeral (rama xurídica) do Concello de Vigo; interpretación xurídica debidamente razoada ou *argumentum ad iudicium* que, como toda interpretación, resulta susceptible de ser contradita ou debatida coa correspondente argumentación xurídica *a sensu contrario*.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2022 10:47	Páxina 25 de 58
3594-1101	CSV: A1A9B4-45A5C5-3145AH-MCYL5H-552QTG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Por tal motivo, estímase necesario indicar que o órgano competente pode recabar, se así se estima oportuno e procedente, informe ou asesoramento adicional por parte do órgano responsable do asesoramento ao Alcalde e á Xunta de Goberno Local, nos termos do preceptuado no artigo 129 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

II.- O réxime de incompatibilidades do persoal ao servizo do sector público.

- O réxime de incompatibilidades do persoal ao servizo do sector público ven definido pola Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas. A dita norma ten plena vixencia na actualidade, coa aprobación do RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, estando incluído no seu ámbito de aplicación o persoal funcionario e o persoal laboral, en calquera das modalidades legalmente previstas (artigo 2.2 da norma específica indicada).

A Lei 53/1984 distingue por unha parte o réxime propio das incompatibilidades con outros postos ou actividades públicas e por outro con actividades privadas.

En relación coas incompatibilidades con outros postos ou actividades públicas, a Lei establece a regra xeral de non compatibilidade do posto público con “ el desempeño, por si o mediante substitución, de un segundo puesto de trabajo, cargo o actividad en el sector público, salvo en los supuestos previstos en la misma ” (artículo 1.1); que o desenvolvemento de posto público “*será incompatible con el ejercicio de cualquier puesto, cargo o actividad, público o privado, que pueda impedir o menoscabar el estricto cumplimiento de sus deberes o comprometer su imparcialidad o independencia*” (artículo 1.3) e que o desempeño de posto público “*es incompatible con la percepción de la pensión de jubilación o retiro por Derechos Pasivos o por cualquier régimen de Seguridad Social público y obligatorio*” (artigo 3.2).

A Lei establece o réxime de retribución única, dispoñendo que “*no se podrá percibir, salvo en los supuestos previstos en la Ley, más de una remuneración con cargo a los Presupuestos de las Administraciones Públicas y de los Entes, Organismos o Empresas de ellas dependiente o con cargo a los de los órganos constitucionales, o que resulte de la aplicación de arancel, ni ejercer opción por percepciones correspondientes.*” (artigo 1.2).

A referida Lei, contempla algunhas excepcións ao principio xeral de incompatibilidade dunha segunda actividade pública.

Así prevé que poderase autorizar a compatibilidade para o exercicio de aquelas actividades que, “por razones de interés público, se determinen por el Consejo de Ministros, mediante Real Decreto, u órgano de gobierno de la Comunidad Autónoma en el ámbito de sus competencias”, en cuxo caso, “ la actividad sólo podrá prestarse en régimen laboral, a tiempo parcial y con duración determinada, en las condiciones establecidas por la legislación laboral.” (artigo 3.1)

Unha de esas excepcións ven referida no artigo 4.1. “ Podrá autorizar la compatibilidad, cumplidas las restantes exigencias de esta Ley, para el desempeño de un puesto de trabajo en la esfera docente como Profesor universitario asociado en régimen de dedicación no superior a la de tiempo parcial y con duración determinada.”



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2022 10:47	Páxina 26 de 58
3594-1101	CSV: A1A9B4-45A5C5-3145AH-MCYL5H-552QTG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O segundo apartado do referido artigo: “Al personal docente e investigador de la Universidad podrá autorizarse, cumplidas las restantes exigencias de esta Ley, la compatibilidad para el desempeño de un segundo puesto de trabajo en el sector público sanitario o de carácter exclusivamente investigador en centros de investigación del sector público..., siempre que los dos puestos vengan reglamentariamente autorizados como de prestación a tiempo parcial.

Recíprocamente, a quienes desempeñen uno de los definidos como segundo puesto en el párrafo anterior, podrá autorizarse la compatibilidad para desempeñar uno de los puestos docentes universitarios a que se hace referencia... ”

A autorización de compatibilidade esixe o cumprimento dos seguintes requisitos e límites:

1.- A autorización de compatibilidade para un segundo posto ou actividade do sector público, que, no ámbito da Administración Local, corresponde ao Pleno da Corporación Local a que figure adscrito o posto principal, previo informe, no seu caso, dos Directores dos Organismos, Entes e Empresas públicas. (artigo 9)

2.- Que non supoña modificación da xornada de traballo e horario dos dous postos e se condiciona ao estrito cumprimento en ambos. (artigo 3.1)

3.- Que a cantidade total percibida por ambos postos ou actividades non supere a remuneración prevista nos Orzamentos Xerais do Estado para o cargo de Director Xeneral, nin supere a correspondente ao principal, estimada en réxime de dedicación ordinaria, incrementada en:

- Un 30 por 100, para os funcionarios do grupo A ou persoal de nivel equivalente.
- Un 35 por 100, para os funcionarios do grupo B ou persoal de nivel equivalente.
- Un 40 por 100, para os funcionarios do grupo C ou persoal de nivel equivalente.
- Un 45 por 100, para os funcionarios do grupo D ou persoal equivalente.
- Un 50 por 100, para os funcionarios do grupo E ou persoal equivalente.

A superación de estos límites, en cómputo anual, require en cada caso acordo expreso do Goberno, órgano competente das Comunidades Autónomas ou Pleno das Corporacións Locais en base a razóns de especial interese para o servizo. (artigo 7).

A Lei 22/2021, de 28 de decembro, de Orzamentos xerais do Estado para o ano 2022, establece no artigo 21: “En el año 2022 las retribuciones de los ..., Directores Generales y asimilados quedan establecidas en las siguientes: cuantías de sueldo y complemento de destino, referidas a doce mensualidades, y complemento específico anual que se devengará de acuerdo con lo establecido en el artículo 26.Dos de la Ley 51/2007, de 26 de diciembre, de Presupuestos Generales del Estado para 2008.

	<i>Director General y asimilados (Euros)</i>
<i>Sueldo.</i>	<i>14.650,56</i>
<i>Complemento de destino.</i>	<i>15.429,24</i>
<i>Complemento específico.</i>	<i>26.693,46</i>



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2022 10:47	Páxina 27 de 58
3594-1101	CSV: A1A9B4-45A5C5-3145AH-MCYL5H-552QTG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Las pagas extraordinarias de los meses de junio y de diciembre incluirán, cada una de ellas, además de la cuantía del complemento de destino mensual que se perciba de acuerdo con lo dispuesto en el párrafo y cuadro anterior, el importe en concepto de sueldo que se recoge en el cuadro siguiente:

Director General y asimilados(Euros)

Sueldo. **839,27**

Por outra banda, o RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Re-fundido do Estatuto Básico do Empregado Público, norma de carácter básico ditada en cumprimento do mandato constitucional do artigo 103 da CE 1978, modifica na súa Disposición Final Terceira a Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, o artigo 16 da referida Lei, indica:

“1.No podrá autorizarse o reconocerse compatibilidad al personal funcionario, al personal eventual y al personal laboral cuando las retribuciones complementarias que tengan derecho a percibir del apartado b del artículo 24 del presente Estatuto incluyan el factor de incompatibilidad al retribuido por arancel y al personal directivo, incluido el sujeto a la relación laboral de carácter especial de alta dirección.

2. A efectos de lo dispuesto en el presente artículo, la dedicación del profesorado universitario a tiempo completo tiene la consideración de especial dedicación.

O apartado 3 e 4 contempla as excepcións:

3. Se exceptúan de la prohibición enunciada en el apartado 1 las autorizaciones de compatibilidad para ejercer como profesor universitario asociado en los términos del apartado 1 del artículo 4, así como para realizar las actividades de investigación o asesoramiento a que se refiere el artículo 6. de esta Ley, salvo para el personal docente universitario a tiempo completo.

4. Asimismo, por excepción, y sin perjuicio de las limitaciones establecidas en los artículos 1.3, 11, 12 y 13 de la presente Ley, podrá reconocerse compatibilidad para el ejercicio de actividades privadas al personal que desempeñe puestos de trabajo que comporten la percepción de complementos específicos, o concepto equiparable, cuya cuantía no supere el 30% de su retribución básica, excluídos los conceptos que tengan su origen en la antigüedad.”

Pola súa banda o artigo 14 do RD 598/85, de 30 de abril, establece: *“En todos los puestos en que la Ley 53/1984, de 26 de diciembre, o este Real Decreto se refieren a puestos de trabajo con jornada de tiempo parcial, se ha de entender por tal aquella que no supere las treinta horas semanales”.*

No presente caso e a vista dos datos aportados (dedicación a tempo parcial -120 horas anuais, 4 horas de clase e 4 horas de titorías á semana-; retribucións percibidas polo desenvolvemento do traballo na universidade -7.040,16 euros anuais-, certificado horario -que acredita a non modificación da xornada de traballo e horario-), queda acreditado que a autorización da compatibilidade do Sr. Paz Salgado non supoñería a conculcación dos límites porcentuais e das retribucións brutas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2022 10:47	Páxina 28 de 58
3594-1101	CSV: A1A9B4-45A5C5-3145AH-MCYL5H-552QTG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

anuais establecidas legalmente, cumprindo asemesmo a compatibilidade coa xornada e horario de traballo.

IV.- A competencia para o outorgamento o denegación da autorización da compatibilidade solicitada corresponde ao Pleno da Corporación, segundo establece o artigo 9 da mencionada Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas. .../”

Deseguido os funcionarios informantes emiten a proposta que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

A Comisión Informativa de Organización Municipal, Seguridade, Dinamización Administrativa e I+D, na súa sesión ordinaria do 21 de setembro de 2022, ditamina favorablemente a proposta.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

“PRIMEIRO.- Estimar, en atención ao Informe proposta que antecede, a solicitude de autorización da compatibilidade ao funcionario de carreira X. Paz Salgado, enxeñeiro de camiños, canais e portos, adscrito á Área de servizos xerais, coa actividade de profesor asociado a tempo parcial P04 na Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña, perdendo o seu efecto unha vez se modifiquen algunha das circunstancias actuais.

SEGUNDO.- A autorización non poderá conlevar diminución da xornada normal de traballo, nin afectar ao seu horario, nin superar as retribucións brutas anuais por ambos dous postos dos límites reseñados.

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado, xefatura do servizo administrativo e control orzamentario, significándo que contra o mesmo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.”

Incidencia. Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2022 10:47	Páxina 29 de 58
3594-1101	CSV: A1A9B4-45A5C5-3145AH-MCYL5H-552QTG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Incidencia. Auséntase do salón de Plenos o concelleiro, Sr. Aneiros Pereira.

MOCIÓNS:

Incidencia. O Presidente altera a orde do día e débatese en primeiro lugar a moción nº 8, despois a nº 7 a continuación a nº 13 e logo a nº 9, 10, 11 e 12.

8.(178) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO INSTANDO AO GOBERNO DO ESTADO A MODIFICACIÓN DO IMPOSTO SOBRE O PATRIMONIO. EXPTE. PLENO 3553/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de setembro de 2022, número 3553/1101, os concelleiros do grupo municipal Mixto, Sra. Méndez Fuentes e o Sr. Pérez Correa, formulan a seguinte,

“MOCIÓN PARA A MODIFICACIÓN DO IMPOSTO SOBRE O PATRIMONIO

Nos últimos vinte anos a recadación tributaria no conxunto do estado foi claramente inferior á media da Eurozona. En concreto, hai 6,1 puntos porcentuais de diferenza media en presión fiscal desde 2001 a 2020. Este feito ten graves consecuencias: Se o estado recadase durante este período o 40,5% do PIB como a media da Eurozona, teríanse acadado 1,23 billóns de euros adicionais, o que suporía un 18% máis.

Actualmente, en Galicia pagan imposto sobre patrimonio (datos de 2020, os últimos dispoñibles) 7.646 persoas con patrimonios medios de 8.7 millóns de euros cada un. Entre todas suman unha riqueza de 49.464 millóns de euros polos que pagan ao ano 66,6 millóns.

Non son as familias traballadoras as que contribúen menos que as súas homólogas europeas senón máis ben as persoas de máis elevada renda e patrimonio quen cada vez eluden as súas obrigacións. Fano grazas a medidas normativas e ao fraude fiscal.

A cidadanía é consciente do que ocorre. Segundo o CIS ¹, un 81,4% considera que os impostos non se cobran con xustiza porque “non paga máis quen máis ten”. De feito, un 65,2% cre que os impostos se deberían recadar a través de gravames directos como o IRPF, que varían segundo a renda ou a riqueza das persoas e empresas, en lugar de a través de impostos indirectos como o IVE, que afectan a todo o mundo por igual porque gravan bens de consumo e servizos, algo que só apoia o 20,9% dos enquisados. No lado contrario, o 15,5% dos enquisados opina que os impostos se cobran con xustiza, aínda que á hora de pagar o 49,2% cre que os españois “son pouco conscientes e responsables”. Un 46,2% considera que en España págase moito en impostos, mentres un 40,2% considera que se paga “regular”. Na comparación con Europa

1 Estudio publicado polo **Centro de Investigaciones Sociológicas (CIS)** realizado sobre a base de 2.849 entrevistas telefónicas asistidas por ordenador levadas a cabo entre o 21 e o 29 de xullo de 2021 a persoas maiores de 18 anos de 1.007 municipios y 50 provincias.
https://www.cis.es/cis/opencm/ES/1_encuestas/estudios/ver.jsp?estudio=14576



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2022 10:47	Páxina 30 de 58
3594-1101	CSV: A1A9B4-45A5C5-3145AH-MCYL5H-552QTG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

hai división de opinións entre quen pensa que aquí se pagan máis impostos que noutros países (39,6%) e quen considera que se pagan menos (30,5%).

Cando se lles pregunta se pensan que deberían mellorarse os servizos públicos e as prestacións sociais, aínda que haxa que pagar máis impostos, un 20% apoia esta afirmación, mentres só un 5,1% cre que é máis importante pagar menos impostos, aínda que iso signifique reducir os servizos públicos e prestacións sociais. No medio de ambas as posturas sitúase un 29,2% dos enquisados. Ademais, máis do 90% dos cidadáns cre que en no estado existe moito ou bastante fraude fiscal e un 61% considera que a Administración fai poucos ou moi poucos esforzos para evitalo. Pódese apreciar que a percepción da cidadanía é transversal, ao darse ditas maiorías en todos os espectros de votantes dos distintos partidos.

Por tanto, parece existir unha maioría da poboación que coincide na necesidade de dar resposta aos tres problemas principais do noso sistema fiscal, é dicir, a suficiencia de ingresos, a falta de equidade e a elusión e fraude que se concentra nos que perciben elevadas rendas e posúen cuantioso patrimonio.

En definitiva, é evidente que o que se recada en Galicia e no conxunto do estado está moi por debaixo do que se debería, e esta situación é crónica. Non é difícil imaxinar como poderían funcionar a sanidade e educación públicas ou a atención aos nosos maiores cos recursos adicionais que deberíamos recadar.

E con todo, ante esta realidade social, estamos a asistir na actualidade a unha verdadeira “rebelión” dos máis ricos, asistidos polas formacións políticas da dereita e a ultradereita, para profundar máis nesta inxustiza fiscal con medidas regresivas, recentemente anunciadas en relación co imposto sobre o patrimonio.

Trátase dun tributo estritamente individual que recae sobre as persoas físicas e é complementario do IRPF. Aínda que se trata dun tributo estatal, establecido e regulado polo estado, o seu rendemento total cédese ás comunidades autónomas, así como tamén se cederon determinadas competencias normativas, de acordo con a Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, e conforme ao novo modelo de financiamento establecido na Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía e modifícanse determinadas normas tributarias.

Esa cesión de competencias foi utilizada pola Comunidade de Madrid para desposuír de capacidade recadatoria a un tributo que só afecta a un 0,5% dos habitantes do país que acumulan unha riqueza de 769.000 millóns de euros e pola que pagan unicamente o 0,15% do mesmo. De feito, o actual imposto recadou en 2020 unicamente 1.204 millóns de euros pola insolidaria actuación de Madrid de cada ano regalar a 18.000 privilexiados case 1.000 millóns de euros converténdose de feito nunha verdadeira goarida fiscal para millonarios.

En lugar de solucionar esta vergoñenta situación, máis comunidades autónomas anuncian bonificacións e reducións que beneficiarán a quen máis ten á vez que comprometerán a prestación de servizos públicos da maioría social.

Por todo iso é urxente a necesidade dunha reforma integral do noso sistema tributario para abordar a apremiante falta de suficiencia e a deficiente equidade, moi superior á dos países da nosa contorna. Especialmente é imprescindible impedir que quen máis



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2022 10:47	Páxina 31 de 58
3594-1101	CSV: A1A9B4-45A5C5-3145AH-MCYL5H-552QTG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

renda e patrimonio acumulan, eludan a súa responsabilidade para co financiamento dos servizos públicos.

Polo exposto o Grupo Municipal Mixto (Marea de Vigo) presenta ao Pleno para a súa aprobación se procede os seguintes:

ACORDOS:

1. O pleno do Concello de Vigo insta o Goberno do estado a promover unha modificación do actual imposto sobre o patrimonio que inclúa os seguintes elementos:

1. Modificación da tarifa estatal do imposto sobre patrimonio para facer máis progresivo o tributo.
2. Eliminación da posibilidade de aplicar deducións e bonificacións á cota íntegra do imposto.

2. O Pleno do Concello de Vigo insta á Xunta a non promover a eliminación do imposto de patrimonio como xa teñen acordado Madrid, Andalucía e Murcia.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

Procedese á votación por puntos.

VOTACIÓN DO 1º PUNTO: Con tres votos a favor dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Méndez Fuentes e Pérez Correa, mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e vinte e dous en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Bartolomé Tocino, López Roman e Marnotes González e mais dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, queda rexeitado o 1º punto.

VOTACIÓN DO 2º PUNTO: Con vinte e un votos a favor dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Méndez Fuentes e Pérez Correa, mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e mais dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, e catro votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Bartolomé Tocino, López Roman e Marnotes González, adoptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar o segundo apartado da Moción presentada, en data 22.09.2022 (Rex. Nº 3553/1101), polos concelleiros do grupo municipal Mixto, Sra. Méndez Fuentes e o Sr. Pérez Correa, quedando do seguinte xeito,

2. O Pleno do Concello de Vigo insta á Xunta a non promover a eliminación do imposto de patrimonio como xa teñen acordado Madrid, Andalucía e Murcia.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2022 10:47	Páxina 32 de 58
3594-1101	CSV: A1A9B4-45A5C5-3145AH-MCYL5H-552QTG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

7.(179) MOCIÓN DO CONCELEIRO MEMBRO NON ADSCRITO EN DEFENSA DA FROTA PESQUEIRA GALEGA FRONTE AO NOVO REGULAMENTO IMPOSTO POLA COMISIÓN EUROPEA. EXPTE. PLENO 3554/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de setembro de 2022, número 3554/1101, o concelleiro membro non adscrito, Sr. Perez Igrexas, formula a seguinte,

MOCIÓN

EN DEFENSA DA FROTA PESQUEIRA GALEGA FRONTE AO NOVO REGULAMENTO IMPOSTO POLA COMISIÓN EUROPEA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Comisión Europea vén de impoñer un novo regulamento que se traduce no feche para a pesca dun total de 87 zonas en augas do Atlántico nor-oriental, o que afecta a unha superficie superior a 16.000 quilómetros cadrados e que terá consecuencias negativas para os buques equipados con artes de fondo como redes de arrastre de fondo, dragas, palangre de fondo, entre outros. Unha medida que entrará en vigor en poucos días e que suporá a expulsión da frota galega de fondo, podendo reducir até nun 75% as súas capturas.

Este regulamento, imposto desde a Comisión Europea (CE) sen un contraste e interlocución efectiva co propio sector, é un novo golpe que se engade ás limitacións de TACs e cotas de pesca, ao impacto derivado do Brexit, ou á aplicación das medidas de conservación e dun regulamento técnico e de control, que viñeron a limitar e dificultar a faena da frota galega.

Estamos diante dun acordo da CE que non contou co apoio unánime do Consello nin coa aprobación do Parlamento europeo, que se tomou residenciándoo nuns informes científicos e técnicos insuficientes e refutábeis (por parciais e desactualizados), sen diálogo e busca de alternativas co sector, sen unha avaliación socioeconómica sobre o seu impacto e cunhas consecuencias que poden ser estarrecedoras, non pode ser aceptado baixo ningún concepto tendo en conta que Galiza somos unha das primeiras potencias pesqueiras de Europa. Consecuencias que para alén do seu impacto brutal en termos produtivos e de emprego, suporán tamén agudizar a cada vez maior dependencia da importación de peixe e un previsíbel aumento dos prezos dificultando o acceso ao peixe aos segmentos sociais de menores ingresos.

A efectivización deste regulamento arbitrario e inxusto suporá un golpe en toda a regra a nosa frota, afectando a varios centos de barcos galegos e ameazando miles de postos de traballo. Punto por punto cúmprense os peores agoiros do sector que, malia a estar sometido a unha estrita regulación e control e a non ter permitido xa pescar en todos os lugares onde existen ecosistemas vulnerábeis, vén de comprobar como os seus esforzos non só non son recoñecidos se non que son desprezados e demonizados.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2022 10:47	Páxina 33 de 58
3594-1101	CSV: A1A9B4-45A5C5-3145AH-MCYL5H-552QTG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Nos últimos meses, o sector pesqueiro de artes de fondo levou a cabo innumerábeis actuacións para tratar de contrarrestar e combater unha decisión que se adopta agora, mais que xa vén de lonxe.

Tamén o Parlamento galego debateu ata en tres ocasións, e aprobou dúas veces por unanimidade, iniciativas de rexeitamento e medidas a levar a cabo para tratar de evitar a prohibición das artes de fondo por parte da UE.

A propia Xunta de Galiza, anunciou publicamente a realización de distintos informes -dos que non existe constancia- que avaliarían o impacto da prohibición das artes de fondo no noso sector pesqueiro e na economía do país.

Nunha resposta do 25 de agosto ás preguntas do BNG do mes de marzo, a Xunta confirma a elaboración deses informes e a súa entrega en Bruxelas, así como o “establecemento de alianzas con aquelas rexións pesqueiras europeas que se verían afectadas polas restricións”.

E foi a mesma Conselleira de Mar quen asegurou, sempre aos medios de comunicación, que, de consumarse a prohibición das artes de fondo, defendería á frota galega pola vía xudicial.

Por parte do Goberno español, descoñécese cal foi a posición e actuacións concretas desenvolvida no marco da rolda de consultas realizada pola CE cos estados membro. Tampouco hai constancia de que o Goberno español tivese formulado unha alternativa perante a proposta de regulamento, finalmente aprobado, que conciliase a protección dos ecosistemas mariños e as biomasas de peixes coa protección dunha actividade pesqueira que é estratéxica para territorios de alta dependencia da pesca como Galiza.

Cómpre sinalar a relevancia en termos socioeconómicos que o sector pesqueiro ten para a cidade de Vigo e a súa área, como maior porto de pesca para consumo humano a nivel europeo no que se mobilizan máis de medio millón de toneladas por ano, e que representa máis de 32 mil postos de traballo. Só na lonxa de Vigo traballan cada día 5.500 persoas.

De aí, que o impacto do novo regulamento imposto pola Comisión Europea supoña unha ameaza de primeiro nivel que pode facer desaparecer este sector estratéxico tal e como o coñecíamos, como advertiron xa publicamente a Cooperativa de Armadores de Pesca do Porto de Vigo (ARVI) e organizacións sindicais como a CIG.

Polo que, propónse ao Pleno a adopción dos seguintes

ACORDOS:

- 1 Instar o Goberno municipal a convocar con urxencia o Consello Social da Cidade para expresar unha posición institucional de conxunto en defensa do sector pesqueiro e en rexeitamento do regulamento decretado pola CE.
- 2 Instar a Xunta de Galiza a:
 - 2.a Convocar con carácter inmediato o Consello Galego de Pesca para organizar unha resposta unitaria de todo o sector do mar e de todo o



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2022 10:47	Páxina 34 de 58
3594-1101	CSV: A1A9B4-45A5C5-3145AH-MCYL5H-552QTG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

tecido social do País (partidos políticos, organizacións sectoriais, sindicais, sociais, etc.) ante o grave golpe que supón a prohibición da pesca de fondo en 87 áreas do Atlántico Nor-Oriental, decretada pola Comisión Europea.

- 2.b Defender a frota galega da pesca de artes de fondo esgotando todas as vías posíbeis e que, de acordo co sector, se consideren.
 - 2.c Iniciar de inmediato o procedemento xudicial en contra da decisión da Comisión Europea.
- 3 Instar ao Goberno español a:
 - 3.a Despregar todas as accións que como estado membro poida exercer para lograr a anulación do regulamento imposto pola Comisión Europea.
 - 3.b Esixir no inmediato a suspensión da entrada en vigor do regulamento.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

Procédese á votación por puntos:

VOTACIÓN DOS PUNTOS 1º E 2º C): Con tres votos a favor do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Méndez Fuentes e Pérez Correa, catro abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Bartolomé Tocino, López Roman e Marnotes González e dezaioito votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, quedan rexeitados os puntos 1º e 2º c).

VOTACIÓN DOS PUNTOS 2º A) E B) E 3º A) E B) :Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar parcialmente (puntos 2º a) e b) e 3º a) e b) da moción presentada, en data 23.09.2022 (Rex. Nº 3554/1101), polo concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, quedando do seguinte xeito.

2. Instar a Xunta de Galiza a:

- a) Convocar con carácter inmediato o Consello Galego de Pesca para organizar unha resposta unitaria de todo o sector do mar e de todo o tecido social do País (partidos políticos, organizacións sectoriais, sindicais, sociais, etc.) ante o grave golpe que supón a prohibición da pesca de fondo en 87 áreas do Atlántico Nor-Oriental, decretada pola Comisión Europea.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2022 10:47	Páxina 35 de 58
3594-1101	CSV: A1A9B4-45A5C5-3145AH-MCYL5H-552QTG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

b).Defender a frota galega da pesca de artes de fondo esgotando todas as vías posíbeis e que, de acordo co sector, se consideren.

3. Instar ao Goberno español a:

a) Despregar todas as accións que como estado membro poida exercer para lograr a anulación do regulamento imposto pola Comisión Europea.

b) Esixir no inmediato a suspensión da entrada en vigor do regulamento.

13.(180) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO GOBERNO DE ESPAÑA PARA QUE POÑA EN MARCHA ANTE A COMISIÓN EUROPEA TÓDOLOS MECANISMOS LEGAIS PARA FREAR A ENTRADA EN VIGOR DO REGULAMENTO QUE AFECTA AO SECTOR PESQUEIRO. EXPTE. 3559/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de setembro de 2022, número 3559/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Espinosa Mangana, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O sector pesqueiro é estratéxico

Un sector que en España, en Galicia e en Vigo, vén dando mostras desde hai moitos anos de responsabilidade, adaptándose a todas as esixencias de calidade, de seguridade alimentaria, sustentabilidade, respecto ao medio ambiente, loita contra a pesca ilegal, non regulamentada e non declarada (IUU)

E como proba diso poderíamos citar dous exemplos claros. Foi capaz de seguir provendo de alimentos durante o COVID e atópase en rendemento máximo sostible e os niveis de biomasa están en máximos nos caladoiros onde opera a nosa frota.

Un sector que xera un gran impacto económico e social por todos os sectores de arrastre que conleva desde o mar á mesa.

Un sector que comparte o obxectivo da Comisión Europea, de preservar os ecosistemas mariños vulnerables, pero aplicando a sustentabilidade económica, social e ambiental.

Pero baixo estes principios, unha parte importante da nosa frota galega ve perigar o seu futuro debido a unha decisión da Comisión Europea. Trátase da aprobación do Regulamento de acceso aos Fondos Mariños.

De forma resumida sinalar que devandito regulamento prohibirá todas as actividades relacionadas coa pesca de fondo (arrastre, palangre, etc...) en 87 zonas pesqueiras. Terá impacto en 16.400 km2 e todo iso parece desproporcionado co obxectivo que se persegue de protección do medio ambiente.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2022 10:47	Páxina 36 de 58
3594-1101	CSV: A1A9B4-45A5C5-3145AH-MCYL5H-552QTG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A decisión da Comisión Europea adóptase, sen informes actualizados científicos e rigorosos que avalen a decisión.

Como consecuencia, o día que se poña en vigor este regulamento, o impacto na pesca española, galega e de Vigo será enorme desde o punto de vista económico e social.

E por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO

1) Instar o Goberno de España para que poña en marcha ante a Comisión Europea todos os mecanismos legais ao seu alcance, para frear a entrada en vigor do Regulamento e a súa modificación baixo os seguintes parámetros:

- a) Contar con informes científicos solventes e actualizados do impacto económico.
- b) Contar con estudo de impacto económico e social.
- c) Contar con transparencia, realizando unha consulta aberta cos organismos consultivos de pesca e co sector.
- d) Contar con regulacións graduadas e tendo en conta as diferentes artes de pesca.

2) Instar o Goberno de España para que solicite ao IEO todos os estudos científicos necesarios para achegar á Comisión Europea.

3) Instar á Xunta de Galicia para que apoie todas as accións que o Goberno de España poña en marcha en defensa do sector pesqueiro e en concreto o impacto do Regulamento de acceso aos Fondos Mariños.

4) Instar o Presidente da Xunta para que manteña unha reunión urxente coa Presidenta da Comisión Europea para frear a posta en marcha deste Regulamento.”

Con data 26 de setembro, o concelleiro membro non adscrito presenta para o Rexistro do Pleno 3567/1101, as seguintes emendas de substitución:

1. Substituír o texto do punto 1, apartado d) polo seguinte:

“Condicionar as decisións que se adopten considerando adecuadamente as diferentes artes de pesca”.

2. Substituír o texto do punto 4, polo seguinte:

“Instar o Presidente da Xunta e mais ao Presidente do Goberno español a manter unha reunión urxente coa Presidenta da Comisión Europea para frear a posta en marcha deste Regulamento”.

Ao seren aceptada o punto nº 1 da anterior emenda polo relatora da moción, Sra. Espinosa Mangana, a Presidencia somete a votación a moción coa substitución do texto no apartado 1.d).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2022 10:47	Páxina 37 de 58
3594-1101	CSV: A1A9B4-45A5C5-3145AH-MCYL5H-552QTG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.09.2022 (Rex. Nº 3559/1101), pola concelleiro do grupo municipal Socialista, Sra. Espinosa Mangana, coa substitución do texto no parágrafo 1 d), correspondente a emenda presentada polo concelleiro membro non adscrito, quedando do seguinte xeito,

1) Instar o Goberno de España para que poña en marcha ante a Comisión Europea todos os mecanismos legais ao seu alcance, para frear a entrada en vigor do Regulamento e a súa modificación baixo os seguintes parámetros:

- a) Contar con informes científicos solventes e actualizados do impacto económico.
- b) Contar con estudo de impacto económico e social.
- c) Contar con transparencia, realizando unha consulta aberta cos organismos consultivos de pesca e co sector.
- d) Condicionar as decisións que se adopten considerando adecuadamente as diferentes artes de pesca”.

2) Instar o Goberno de España para que solicite ao IEO todos os estudos científicos necesarios para achegar á Comisión Europea.

3) Instar á Xunta de Galicia para que apoie todas as accións que o Goberno de España poña en marcha en defensa do sector pesqueiro e en concreto o impacto do Regulamento de acceso aos Fondos Mariños.

4) Instar o Presidente da Xunta para que manteña unha reunión urxente coa Presidenta da Comisión Europea para frear a posta en marcha deste Regulamento.”

Incidencia. Auséntase do salón de Plenos a concelleira, Sra. Egerique Mosquera.

9.(181) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO PRESIDENTE DA XUNTA A RECOÑECER O ESFORZO REALIZADO POLO CONCELLO DE VIGO, EN MATERIA DE MOBILIDADE URBANA, E ASINAR UN CONVENIO POR UN IMPORTE SIMILAR AO ASINADO COA AUTORIDADE PORTUARIA. EXPTE. PLENO 3557/1101.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2022 10:47	Páxina 38 de 58
3594-1101	CSV: A1A9B4-45A5C5-3145AH-MCYL5H-552QTG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de setembro de 2022, número 3557/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O goberno da Xunta de Galicia vén recibindo importantes cantidades dos fondos recibidos desde o Goberno de España do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia da UE.

Estes fondos, necesariamente, debe destinarse a actuacións que realizan as Administracións Públicas de Galicia nos apartados correspondentes.

Especial mención merece os fondos destinados á mobilidade urbana onde os concellos cumpren un papel protagonista.

No caso da cidade está a desenvolverse unha das iniciativas integradas máis importantes de toda España, co Plan de Humanizacións e o Vigo Vertical.

Sen dúbida son os proxectos de transformación urbana máis importantes na historia da cidade que gozan do recoñecemento social e obteñen premios europeos nun claro recoñecemento do que significan na transformación desta cidade.

O investimento, por parte do Concello nos tres últimos anos, foi de 358 millóns dos que a Xunta de Galicia non achegou nin un só euro. Nin de orzamento propio nin dos fondos da UE que deben ter esa finalidade.

Na súa permanente política de discriminar a esta cidade, o goberno de Rueda permítese a deslealdade institucional de conveniar coa Autoridade Portuaria de Vigo un proxecto de mobilidade urbana por importe de 3,5 millóns de euros.

Desde o goberno do PP en Galicia débese recoñecer o esforzo realizado día a día desde este Concello e, cando menos, coveniar de forma similar co Concello de Vigo como con outras institucións.

E por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO

- Instar ao Presidente da Xunta de Galicia a recoñecer o esforzo realizado polo Concello de Vigo, en materia de mobilidade urbana, e asinar un convenio por un importe de polo menos 3,5 millóns de euros similar ao asinado coa Autoridade Portuaria de Vigo.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con vinte e un votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2022 10:47	Páxina 39 de 58
3594-1101	CSV: A1A9B4-45A5C5-3145AH-MCYL5H-552QTG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e tres abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señor, Bartolomé Tocino, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte, ,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.09.2022 (Rex. Nº 3557/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

Incidencia. Auséntase do salón de Plenos a concelleira, Sra. Silva Rego.

10.(182) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A APOIAR EXPLICITAMENTE ANTE O GOBERNO DE ESPAÑA A CONSTRUCCIÓN DA NOVA BIBLIOTECA DO ESTADO EN VIGO. EXP-TE. 3558/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de setembro de 2022, número 3558/1101, polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Losada Alvarez, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Vigo, o décimo cuarto municipio de España en número de habitantes, ven reclamando dende hai anos a construción dunha biblioteca titularidade do Estado; un déficit que arrastramos polo feito de non ser nin capital de provincia, ni capital de comunidade autónoma; a pesar de ser con diferenza a maior cidade de Galicia.

O concello de Vigo e o seu alcalde, levan anos liderando esta xusta reclamación, intentado buscar acordos co goberno de España, en cuanto a súa localización e a súa construción. Despois dunha paralización real por parte do goberno de España durante a presidencia de Mariano Rajoy, entre 2011 e 2018, a situación tiña entrado en vías de solución coa chegada do goberno presidido por Pedro Sánchez, despois da negativa total durante os anos dos gobernos do Partido Popular.

As dúas administracións acordamos unha proposta de ubicación adecuada e a conseguinte dotación orzamentaria no proxecto de orzamentos para 2020. Técnicos do Ministerio de Cultura xa visitaron Vigo para coñecer as condicións urbanísticas da parcela e o propio Plan Especial que ultima o Concello.

Dende este momento, a actitude da Xunta de Galicia ante a construción da Biblioteca do Estado en Vigo ten sido totalmente obstrucionista. E coñecido que o concelleiro de Cultura protestou á directora xeral, e ao Ministerio de Cultura, que como se lles ocorría que falase o alcalde da Biblioteca, ademais de cuestionar o propio anteprojecto que manexa o ministerio, iso si, fondos autonómicos, cero.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2022 10:47	Páxina 40 de 58
3594-1101	CSV: A1A9B4-45A5C5-3145AH-MCYL5H-552QTG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O goberno de Vigo prevé aprobar en febreiro o Plan Especial para a Biblioteca do Estado. Entre o Camiño do Chouzo e a rúa Lalín, a parcela está a ser cualificada como dotacional público para dar cabida á Biblioteca. O Plan Especial cumpre coa normativa que posibilita unha avaliación ambiental simplificada, co que en febreiro podería ser ratificado inicialmente no Pleno e en setembro, aprobado de forma definitiva.

O concello ofrécese a asumir a futura Biblioteca do Estado que planifica do Goberno de España na rúa Lalín, dado que a Xunta de Galicia, administración na que recaería a xestión do novo espazo cultural, protesta, di que non a quere e pon todo tipo de obstáculos.

Mais recentemente, a mensaxe transmitida polo Conselleiro de Cultura ao Ministerio foron novas dificultades e a defensa de actuacións noutras cidades; de novo a Xunta de Galicia se sitúa contra unha infraestrutura imprescindible en Vigo.

E por esto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO

- Instar á Xunta de Galicia a apoiar explicitamente ante o goberno de España a construción da nova Biblioteca do Estado en Vigo.
- Instar o Presidente da Xunta, Alfonso Rueda, a desautorizar ao Conselleiro de Cultura por poñer dificultades á construción da Biblioteca do Estado en Vigo nas súas reunións co Goberno de España."

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con dezanove votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e catro abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señor, Bartolomé Tocino, López Roman e Marnotes González, e mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte, ,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.09.2022 (Rex. Nº 3558/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Losada Alvarez, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

11.(183) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A DESTINAR UNHA PARTIDA EXTRAORDINARIA PARA ASUMIR O INCREMENTO DOS CUSTES DOS MENÚ ESCOLARES NOS COME-



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2022 10:47	Páxina 41 de 58
3594-1101	CSV: A1A9B4-45A5C5-3145AH-MCYL5H-552QTG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

DORES XESTIONADOS POLAS ANPAS E SUFRAGADOS PRACTICAMENTE NA SÚA TOTALIDADE POLO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 3560/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de setembro de 2022, número 3560/1101, polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Gómez Díaz, formula a seguinte,

MOCIÓN

“No momento actual atopámonos nunha situación de crise económica provocada polas consecuencias da guerra de Ucraína que derivaron nuns altos niveis de inflación que está empobrecendo ás familias en torno a un 10%. Compre ter en conta entre outros factores, a subida dos tipos de interese, o alza dos prezos da cesta da compra e o prezo das enerxías.

As familias teñen que afrontar o inicio do novo curso escolar cunha importante subida dos prezos do material e equipamento que os seus fillos precisan para acudir ao colexio, este desembolso incide negativamente nas economías familiares.

Outro dos incrementos derivados desta situación foi a alza de prezos nos menús dos escolares da cidade de Vigo que acoden aos comedores xestionados polas ANPAS.

Son máis de 25 centros escolares os que teñen o servizo de comedor e aulas matinais coa xestión directa das asociacións de nais e pais e que teñen que asumir unha subida do menú de aproximadamente 10 euros mensuais.

Hai que recordar que é o Concello de Vigo a administración, que sin ter as competencias nesta materia, está a asumir o financiamento deste servizo practicamente na súa totalidade.

O Concello de Vigo asinou ,un ano máis, un convenio con FOANPAS por un importe de 606.000 euros para sufragar os comedores, aulas matinais e actividades extra-escolares fronte aos escasos 100.000 euros que aporta a Xunta de Galicia.

A Administración autonómica galega, en base ás competencias que a normativa vixente lle atribúe, estableceu un decreto (132/2013, de 1 de agosto) para articular unha opción organizativa e prestacional dun servizo complementario como é o comedor escolar.

Nese modelo de xestión que establece este decreto 132/2013, de 1 de agosto, no seu artigo dous fala de fórmulas de colaboración mutua entre a Xunta de Galicia e as asociacións de pais e nais.

O certo, é que é o Concello de Vigo a administración que esta a sufragar este servizo aportando 606.000 euros fronte aos escasos 100.000 euros que aporta a Xunta de Galicia para a súa xestión a través das asociacións de pais e nais.

Non parece lóxico que sea o Concello de Vigo o que asuma as competencias da Administración autonómica e que sea a administración local a que sufrague na súa totalidade eses servizos complementarios.



Copia do documento - Concello de Vigo
3594-1101

Data impresión: 07/11/2022 10:47

Páxina 42 de 58

CSV: A1A9B4-45A5C5-3145AH-MCYL5H-552QTG-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Entendemos que se poidan establecer mecanismos de colaboración entre todas as administracións públicas co fin de mellorar a prestación e ampliar os servizos pero tendo en conta as competencias de cada unha das administracións implicadas e non delegando as competencias sen aportar os recursos económicos necesarios.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO:

Instar á Xunta de Galicia a destinar unha partida extraordinaria para asumir o incremento dos costes dos menús escolares nos comedores xestionados polas ANPAS e que están a ser sufragados practicamente na súa totalidade polo Concello de Vigo.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e tres abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señor, Bartolomé Tocino, López Roman e Marnotes González,, adóptase o seguinte, ,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.09.2022 (Rex. Nº 3560/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Gómez Díaz, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

12.(184) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO XUNTA DE GALICIA O EXERCICIO PLENO DAS SÚAS COMPETENCIAS NO REFERIDO Á PROMOCIÓN DO ACCESO SOCIAL Á VIVENDA NA CIDADE DE VIGO, E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. 3561/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de setembro de 2022, número 3561/1101, pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Caride Estévez, formula a seguinte,

MOCIÓN

“A incapacidade da Xunta de Galicia para dar resposta as necesidades en materia de vivenda amósase na brusca caída do investimento en vivenda dende a chegada do PP a Xunta de Galicia.

Esta situación ten un claro exemplo en Vigo, aquí os preto de 6.000 demandantes de vivenda en réxime de protección tiveron una resposta da Xunta de Galicia cunha



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2022 10:47	Páxina 43 de 58
3594-1101	CSV: A1A9B4-45A5C5-3145AH-MCYL5H-552QTG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

oferta de 62 vivendas protexidas, grazas a cesión de parcelas municipais do concello de Vigo.

Esta situación de esquecemento da política de vivenda contrasta ca defensa da competencia autonómica exclusiva en materia de vivenda nas mesas de diálogo sobre a distribución dos fondos do Plan de Resiliencia adicados a vivenda.

Preto de 6.000 demandantes de vivenda protexida de Vigo esta á espera de que a Xunta de Galicia faga realidade a ampliación de Navia. Sen embargo, a realidade é que a pesar de ser a cidade galega con maior número de demandantes de vivenda protexida, a Xunta de Galicia leva 13 anos dando as costas as familias viguesas. Deste xeito, a necesaria ampliación de Navia, non só chega tarde senón que resulta claramente insuficiente para respostar á demanda da cidadanía.

A revisión do PXOM prevé mais dun 37% de vivendas sometidas a réxime de protección nos novos desenvolvementos urbanísticos, en particular prevé o desenvolvemento de ámbitos de solo co 100 ou 90% de vivenda de protección.

Dado o insuficiente compromiso da Xunta, para cubrir a demanda de vivenda protexida da cidade, o Concello de Vigo dentro dos traballos de planificación da cidade e de revisión do PXOM, contactou ca Xunta de Galicia para ofrecer a colaboración da cidade na planificación de calquera ámbito ou polígono de planeamento que, dentro do horizonte de execución da revisión do PXOM que abarca ata 2050, incorporara as actuacións que o IGVS podería promover na cidade para dar resposta a demanda presente e futura de vivenda de protección. Dita demanda estaba avalada ademais no Plan Sectorial de Vivenda da Xunta de Galicia que, desgraciadamente, leva 13 anos a espera.

Para sorpresa do goberno local, a dirección do IGVS non só rexeitou calquera participación na promoción de vivenda de protección na cidade nos próxima 30 anos, senón que afirmou que garantir o acceso a unha vivenda pública é unha cuestión que corresponde os concellos.

Ante a evidente necesidade de atender a necesidade social de vivenda en réxime de protección, o goberno municipal terá que paliar a ausencia autonómica e para elo establece como actuación pública a desenvolver pola administración municipal os ámbitos incorporados no PXOM en revisión con destino maioritario a vivenda a prezo taxado. Neste senso, o documento de aprobación provisional incorporará a ordenación detallada do Parque Central para que esta actuación pública sexa das primeiras en executarse en desenvolvemento do plan xeral. Actuación que levará un importante porcentaxe de vivenda en aluguer.

En todo caso, compre fixar compromisos a administración competente en materia de vivenda co obxectivo de mellorar o accesos a vivenda a cumprir o compromiso constitucional de accesos a una vivenda digna.

E por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2022 10:47	Páxina 44 de 58
3594-1101	CSV: A1A9B4-45A5C5-3145AH-MCYL5H-552QTG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Instar a Xunta de Galicia o exercicio pleno das súas competencias no referido á promoción do acceso social á vivenda na cidade de Vigo e, singularmente garantir una alternativa residencial digna en Vigo ás persoas e familias en situación de vulnerabilidade social vítimas de un desafuzamento, así como a despregar una decidida promoción pública de vivenda para atender os preto de 6.000 demandantes de vivenda protexida.
- Instar a Xunta de Galicia a construción das 1.600 vivendas de promoción pública de Navia no prazo máximo de 4 anos.
- Instar a Xunta de Galicia a destinar maioritariamente ó alugueiro as vivendas de promoción pública a desenvolver en Navia.
- Instar a Xunta de Galicia o selo promotor público do desenvolvemento dalgúns ámbitos de planeamento de solo residencial para vivenda de protección do PXOM en revisión.
- Instar a Xunta de Galicia a adicar os recursos procedentes dos avais dos alugueres depositados no IGVS ó financiamento dos avais e fianzas precisos para subscribir contratos de aluguer os colectivos vulnerables e a financiar os seguros de impago, danos e responsabilidade dos inquilinos.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e tres abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señor, Bartolomé Tocino, López Roman e Marnotes González,, adóptase o seguinte, ,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.09.2022 (Rex. Nº 3561/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Caride Estévez, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

PARTE DE CONTROL

14.(185) DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DENDE O 27.08 AO 18.09.22. EXPTE. 1294/1102 (EXPTE. PLENO 3550/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións da Alcaldía (do 27.08.22 ao 18.09.22) incluídas no expediente 1294/1102.

ACORDO.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2022 10:47	Páxina 45 de 58
3594-1101	CSV: A1A9B4-45A5C5-3145AH-MCYL5H-552QTG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións. O Pleno queda enterado.

15.(186) DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELEIROS/ AS DELEGADOS/AS, DENDE O 27.08 AO 18.09.22. EXPTE. 1293/1102 (EXPTE. PLENO 3551/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións dos concelleiros delegados (do 27.08.22 ao 18.09.22) incluídas no expediente 1293/1102.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións. O Pleno queda enterado.

16.(187) DAR CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 8.09.22, SOBRE A MODIFICACIÓN DE DELEGACIÓNS DE COMPETENCIA DA XGL NOS CONCELEIROS/AS DELEGADOS/AS DE ÁREA E DEMAIS DELEGADOS DE COMPETENCIAS. EXPTE. 601/1102 (EXPTE. PLENO 3552/1101).

ANTECEDENTES.- Dáse conta do acordo da Xunta de Goberno Local, de data 8.09.22, transcrito a continuación,

“19.- PROPOSTA DE MODIFICACION DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NOS CONCELEIROS-DELEGADOS DE ÁREA E NOS DEMAIS DELEGADOS DE COMPETENCIAS. EXPTE. 601/1102.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Dáse conta da proposta de data 07/09/2022, asinada pola secretaria de Admón.

Municipal, a concelleira-delegada de Xestión Municipal e polo alcalde, que di o seguinte:

Con data 6.09.2022, a Alcaldía-Presidencia ditou sendas resolucións modificando a estrutura existente das áreas de Goberno Municipal e consecuentemente as correspondentes delegacións de competencias nos concelleiros/as delegados/as de área. Estas modificacións afectaron as áreas iniciais de Economía, Seguridade,Emprego, Contratación,Patrimonio e Xestión Municipal e creouse *ex novo* a área de Fondos Europeos.

Á vista das modificacións introducidas polas anteditas Resolucións, resulta preciso axustar a delegación das competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros/as delegados/as de área e nos demais delegados de competencias , polo que, ao abeiro das competencias atribuídas a esta Alcaldía polo artigo 124 LRBRL e demais normativa de aplicación, procede formular á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta:

Primeiro.- Modificar o acordo da Xunta de Goberno Local de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2022 10:47	Páxina 46 de 58
3594-1101	CSV: A1A9B4-45A5C5-3145AH-MCYL5H-552QTG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

demais delegados/as de competencias eliminando o apartado VI e modificar os seus apartados IV e V que quedarán redactados nos seguintes termos:

IV.- NA CONCELLERÍA DELEGADA DA ÁREA DE ECONOMÍA, FONDOS EUROPEOS, PATRIMONIO E EMPREGO

En materia de Patrimonio

1. A xestión económica para tramitación e abono das cotas das Comunidades de Propietarios as que pertenza o Concello de Vigo, agás as correspondentes á Xerencia Municipal de Urbanismo.
2. A xestión e aprobación das operacións rexistras de agrupación, división, agregación, e segregación de fincas de titularidade municipal; así como o inicio e resolución dos procedementos administrativos para a reanudación do trato sucesivo interrompido, supostos de dobre inmatriculación, excesos de cabida, cancelacións ou rectificacións de asentos, e demais procedementos de modificacións rexistras, de acordo coa lexislación hipotecaria, e referente aos bens e dereitos municipais inscritos. Exceptúanse, os bens pertencentes ao Patrimonio Público do Solo e, no seu conxunto, todas aquelas operacións ou procedementos rexistras que resulten da actividade urbanística exercida pola Xerencia Municipal de Urbanismo, no ámbito das súas competencias.
3. A aprobación e autorización dos expedientes de gastos derivados da competencia desta Concellería en relación coa xestión do Pazo de Congresos Mar de Vigo.

En materia de Emprego

A contratación polos procedementos legalmente establecidos e a extinción da relación laboral, agás a que sexa consecuencia de despedimento disciplinario das persoas que participan nos distintos programas de emprego.

(...)

V.- NA CONCELLERÍA DELEGADA DE SEGURIDADE, CONTRATACIÓN, E XESTIÓN MUNICIPAL.

En materia de Seguridade

1. Acordar a incoación de dilixencias previas, informativas e informacións reservadas en materia disciplinaria; a incoación de expedientes disciplinarios e a elevación da proposta de acordo, no seu caso, de imposición de sanción disciplinaria á Xunta de Goberno Local no que se refire á Policía Local e ao Servizo de Extinción de Incendios.
2. Outorgar as autorizacións de ocupación da vía ou espazo público de titularidade municipal previo informe do servizo que proceda no ámbito das súas competencias sempre e cando a autorización/licenza non estea suxeita ao réxime de concorrencia e non estea atribuída pola especialidade da materia a outra área delegada.
3. Outorgar a autorizacións as entradas de carruaxes dende a vía pública (licenzas de vado), así como os aproveitamentos especiais sobre o dominio público consistente no tránsito de vehículos ata os edificios e instalacións e viceversa,de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2022 10:47	Páxina 47 de 58
3594-1101	CSV: A1A9B4-45A5C5-3145AH-MCYL5H-552QTG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

conformidade co previsto na normativa xeral de aplicación e segundo o disposto nas disposicións de carácter xeral municipais.

4. Outorgar as autorizacións das cacharelas de San Xoán e queima de material pirotécnico, de conformidade co disposto na normativa reguladora da materia.
5. Aprobar e autorizar, de conformidade co previsto na normativa de aplicación e nas ordenanzas acordo de:
 - a) Reserva de estacionamento e paradas
 - b) Reservas especiais para persoas con discapacidade
 - c) Concesión de licenzas de terraza na vía pública anexas ao establecemento aberto ao público agás a aprobación dos proxectos en rúas peonís, prazas e outros espazos asimilables segundo o disposto no artigo 19 da Ordenanza municipal reguladora da instalacións de terrazas en espazos de uso público do Concello de Vigo.
6. Outorgar as autorizacións de ocupación de dominio público con motivo da celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas que con carácter ocasional se leven a cabo en vías ou espazos público de titularidade municipal, sempre que non estean suxeitas ao réxime de concorrencia e non estean atribuídas pola especialidade da materia a outra área delegada.
7. Concesión de licenza de actividades recreativas ou espectáculos públicos de carácter extraordinario que se celebren en vías ou espazos público.
8. As facultades inherentes ao réxime de control administrativo respecto de actividades recreativas ou espectáculos públicos que se celebren en vías ou espazos públicos.
9. Instruír e resolver os expedientes de recuperación posesoria daquelas superficies integrantes da rede viaria municipal ocupadas sen título habilitante, en materias da competencia desta Área de Goberno e Administración Municipal.
10. Exercicio da potestade sancionadora polo incumprimento das medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo Covid-19, coa colaboración da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable.

En materia de Contratación

1. A programación da actividade contractual, propoñendo a súa aprobación á Xunta de Goberno Local.
2. A xestión prevista na normativa en materia de desindexación da economía española, para poder fixar a revisión periódica e predeterminada dos prezos do mesmo.
3. A aprobación da resposta ás aclaracións formuladas polos interesados nos procedementos de contratación durante o prazo de presentación de ofertas.
4. A aprobación da ampliación e modificación de prazos e outorgamento de prazos extraordinarios en expedientes de contratación para presentar ofertas ante posibles fallos técnicos, de interconexión entre as diversas plataformas que se empregan na contratación que poidan xerar problemas coa información que se



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2022 10:47	Páxina 48 de 58
3594-1101	CSV: A1A9B4-45A5C5-3145AH-MCYL5H-552QTG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Ile facilita aos licitadores ou dificultades de estos á hora de presentalas súas ofertas electronicamente.

5. A aprobación da proposta de clasificación de licitadores formulada polo órgano correspondente.
6. Aprobar a autorización do inicio de modificación dos contratos salvo nos contratos de obras.
7. Resolver a exclusión dos licitadores cuxas ofertas inclúan valores anormais que impidan o seu cumprimento, e así se teña declarado pola Mesa de Contratación tras da tramitación do procedemento previsto na normativa de aplicación.
8. Exercicio das competencias, relativas á corrección de erros materiais ou aritméticos e a modificación dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas particulares sempre e cando non impliquen modificacións significativas consonte ó previsto no artigo 136.2 da LCSP ou normativa de aplicación.
9. Exercicio das competencias en materia de consultas preliminares de mercado (artigo 115 da LCSP)
10. Incoación de expedientes de resolución de contratos.

En materia de Xestión Municipal

A competencia para iniciar os expedientes de contratación que se tramiten na área de Alcaldía, efectuar a supervisión e o seguimento dos contratos administrativos da área de Alcaldía e a tramitación e adxudicación dos contratos menores da Alcaldía.

En materia de Recursos Humanos

1. Conceder os permisos e licenzas de todo o persoal municipal mesmo naqueles supostos que impliquen redución ou diminución de xornada e permisos sen dereito a retribucións, previo informe do concelleiro delegado de área, dando conta, neste último suposto á Xunta de Goberno Local.
2. Recoñecemento do grao persoal e trienios.
3. Aprobación dos devengos retributivos derivados dos supostos de encomendas de funcións, acumulacións de tarefas, acumulación temporal de postos de traballo, produtividade e gratificacións por servizos especiais e extraordinarios, nocturnidade e festividade, nos termos do disposto nos actos administrativos de autorización ou aprobación dos ditos conceptos.
4. Determinación dos criterios obxectivos de asignación do complemento de produtividade, dando conta ao órgano delegante.
5. Autorización das atribucións provisionais de funcións, dando conta ao órgano delegante.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2022 10:47	Páxina 49 de 58
3594-1101	CSV: A1A9B4-45A5C5-3145AH-MCYL5H-552QTG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

6. A declaración de situacións administrativas e xubilación do persoal municipal, autorización do reingreso ao servizo activo e a rehabilitación na condición de funcionario.
7. Acordar a incoación de dilixencias previas, informativas e informacións reservadas en materia disciplinaria; a incoación de expedientes disciplinarios e a elevación da proposta de acordo, no seu caso, de imposición de sanción disciplinaria á Xunta de Goberno Local, agás no que se refire á Policía Local e ao Servizo de Extinción de Incendios, materia esta competencia da área de Seguridade.
8. A aprobación e autorización de gastos en materia de persoal con cargo ao Capítulo I de gastos dos orzamentos municipais, así como dos gastos e indemnizacións que se tramiten pola Área de Recursos Humanos e Formación como centro xestor, excepto aqueles gastos que se correspondan coa selección, nomeamento, contratación ou prórroga de vínculo de servizo ou laboral de efectivos ao servizo do Concello de Vigo, cuxa autorización será competencia da Xunta de Goberno Local.
9. A execución de sentenzas, autos e demais resolucións xudiciais, provisionais ou firmes, en materia de persoal, incluídas as que xeren autorizacións de gasto en materia retributiva e/ou indemnizatoria.
10. Execución dos requirimentos efectuados pola Inspección de Traballo e polas Entidades xestoras e Administración da Seguridade Social en materia laboral, en materia de Seguridade Social e no que respecta á actividade de Prevención de Riscos Laborais, incluídas as que xeren autorizacións de gasto en materia retributiva e/ou indemnizatoria.
11. Decisión sobre a interposición de recurso xudicial fronte a resolucións xudiciais non firmes en materia de persoal, previo informe sobre viabilidade xurídica do recurso que se emita pola Asesoría Xurídica Municipal.
12. Adoptar as medidas necesarias para a reasignación e redistribución de efectivos, provisión extraordinaria e urxente de postos de traballo existentes na Relación de Postos de Traballo municipal, traslados, cambios de adscrición e remoción do persoal.

En materia de SPPRL

1. Garantir un sistema eficaz de xestión de seguridade e saúde laboral, buscando a súa mellora continua.
2. Determinar os mecanismos que permitan cumprir as obrigas en materia de seguridade e saúde laboral - formación, información, vixilancia da saúde, etc...- esixidas pola normativa vixente.
3. Fixar os mecanismos para a coordinación entre as distintas Áreas e Servizos do Concello de Vigo e entre estes e o SPPRL (Área de Recursos Humanos e Formación) a fin de integrar a prevención.
4. Nomear as figuras e/ou persoas que teñen asignada por lei funcións e responsabilidades concretas en materia de seguridade e saúde laboral -recursos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2022 10:47	Páxina 50 de 58
3594-1101	CSV: A1A9B4-45A5C5-3145AH-MCYL5H-552QTG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

preventivos, traballadores designados, traballadores autorizados ou cualificados, etc...- propostos por cada concellería delegada.

5. A aprobación dos procedementos de traballo seguro, as instrucións de traballo seguro, circulares informativas e os documentos de seguridade específicos en materia de seguridade e saúde laboral propostos por cada concellería-delegada e/ou polo SPPRL.

(..)

Segundo.- Notificar a presente resolución ás concelleiras afectadas e demais concelleiros e concelleiras delegados de área, para o seu coñecemento e efectos.

Terceiro.- Comunicar a presente resolución ás persoas responsables dos diferentes servizos e áreas municipais para o seu coñecemento e efectos mediante a súa inserción na Intranet municipal.

Cuarto.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa aprobación sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, publicándose así mesmo na Sede Electrónica municipal aos efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo goberno.

Quinto.- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma, ao abeiro do disposto no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986."

ACORDO.

O Pleno da Corporación queda enterado do acordo da Xunta de Goberno Local, de data 8.09.22.

MOCIÓNS.

17.(188) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO LOCAL A ATENDER A DEMANDA DAS NAIS E PAIS DO CEIP DOUTOR FLEMING PARA QUE O ALUMNADO POIDA UTILIZAR O PAVILLÓN MUNICIPAL DE ROMIL EN HORARIO DE MAÑÁ. EXPTE. PLENO 3555/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de setembro de 2022, número 3555/1101, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González, formula a seguinte,

MOCIÓN

"Logo de moitos meses rematado e pechado, cando o 21 de setembro do ano 2020 se inaugurou o pavillón de Romil, anunciouse que se trataba dun investimento de máis de 2 millóns de euros no espazo que a cidadanía, e nomeadamente, o alumnado do colexio Doutor Fleming: "poderán gozar desta nova dotación deportiva de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2022 10:47	Páxina 51 de 58
3594-1101	CSV: A1A9B4-45A5C5-3145AH-MCYL5H-552QTG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2.600 metros cadrados. O pavillón dispón de catro espazos polideportivos, unha bancada con 140 asentos e dúas plantas, que serán utilizadas para as actividades do centro educativo, que ten 600 estudantes, e para a práctica de ximnasia acrobática, squash, xadrez, tenis de mesa, loita olímpica ou escalada.”

O pavillón da rúa Romil abría así súas portas tras unha importante reforma e baixo a promesa reiterada de que se poñería ao dispor do Colexio Doutor Fleming e os seus máis de 600 alumnos. Promesa incumprida, porque dous anos despois de que o polideportivo abrise as súas portas, os pais e as nais deste centro educativo lle reclaman por enésima vez ao alcalde a cesión dun espazo que permanece pechado a maior parte do día. O pavillón leva sen actividade algunha pola mañá dende hai dous anos.

O centro educativo contaba con estas instalacións para impartir as clases de educación física e complementar así os dous pavillóns cubertos e o patio exterior cos que conta o centro. Unha petición que xa no mes de xuño, antes do comezo foi realizada pola ANPA do centro e apoiada polo grupo municipal do PP ante a negativa do Goberno vigués a que os nenos utilicen o polideportivo en horario de mañá para as súas actividades deportivas.

O que lle ofrece o alcalde aos nenos e nenas do centro é un espazo minúsculo, con barreiras de cristal e entre columnas, un espazo elevado e retirado do pavillón que non está acondicionado para a actividade física e no que con falta de seguridade para o alumnado e a prohibición de practicar determinadas actividades físicas. O que pretende o centro é utilizar as instalacións do pavillón polas mañás, nas que agora está pechado, porque é a mellor maneira de aproveitar estas instalacións e que dean o servizo para o que foi concebido: aos clubs deportivos que xa o utilizan e ao propio colexio.

Polo exposto, o Grupo Municipal Popular no concello de Vigo propón ao Concello Pleno que inste ao goberno local:

Atender a demanda das nais e pais do CEIP Doutor Fleming para que o alumando do centro poida utilizar o pavillón municipal de Romil en horario de mañá nun espazo axeitado para a práctica de actividade deportiva tal e como veñen reclamando dende hai dous anos.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con seis votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Bartolomé Tocino, López Roman e Marnotes González, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e dezasete abstencións dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia adóptase o seguinte,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2022 10:47	Páxina 52 de 58
3594-1101	CSV: A1A9B4-45A5C5-3145AH-MCYL5H-552QTG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.09.2022 (Rex. Nº 3555/1101), polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

FORMULACIÓN DE ROGOS.

18.(189) Rogo formulado polo concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas. Que se atendan as peticións dos colectivos sociais e veciñais da cidade que demandan unha tramitación máis participativa e transparente das alegacións formuladas á revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal.

19.(190) Rogo formulado polo concelleiro do grupo municipal Mixto, Sr. Pérez Co-rea. Que nos informen de cando van a respostarse as alegacións ao PXOM.

20.(191) Rogo formulado polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González. Con relación a nosa moción, que acaba de ser aprobada, rogamos que o goberno cumpra o cordo plenario.

FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

21.(192). Pregunta formulada polo concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas. ¿Cal é motivo polo que o Goberno municipal non adopta ningunha medida para facer gratuito o autobús a todas as persoas desempregadas de longa duración, perceptoras de RISGA, Ingreso Mínimo Vital e axudas análogas?

22.(193) Pregunta formulada pola concelleira do grupo municipal Mixto, Sra. Méndez Fuentes. ¿Cando ten pensado o goberno local redactar o proxecto definitivo da Biblioteca Municipal de Teis?.

ANEXO ARQUIVO AUDIOVISUAL

Asunto : Pleno ordinario Setembro
Legislatura: Mandato 2019-2023
Órgano : Pleno
Fecha Inici: Miércoles, 28 de Septiembre de 2022 14:47:00
Fecha Fin : Miércoles, 28 de Septiembre de 2022 19:08:46
Duración : 04:21:46

- HTML

https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas.jsp?id=3234

- Media (MASTER)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2022 10:47	Páxina 53 de 58
3594-1101	CSV: A1A9B4-45A5C5-3145AH-MCYL5H-552QTG-FD	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

[1] Video Windows Media, 720p, Stereo, 3.4 GiB

SHA512 - 6aac2f-
f3c46565477be65f604a28c8b1be7949189fc93a810af8a51de635c157aa7bf19
a622834fd6e6cba750371a162653e6c2af84604216999bdd80bf8339a

- Media (PROXYS)

SHA512 - 9bfd8002c1b133a472ccac858a27466bb7b2228b52a3eb0acd96221708db16f-
b987dddb
dca9a661fefe84e31821363b7672b292e2f91bd21807db5b00bd9952c

- Minutaxe

00:00:01 - Asistentes : Interventor; Secretario; Silva Rego, Carmen; Espinosa Mangana, Elena; López Font, Carlos; Mejías Sacaluga, Ana María; Aneiros Pereira, Jaime; Aguiar Castro, Yolanda; Gomez Díaz, Gorka; Iglesias González, Ana Laura; Blanco Iglesias, Eugenia Dolores; Lago Barreiro, M^a del Carmen; Estévez Rodríguez, Pablo; Pardo Espiñeira, Francisco Javier; Caride Estévez, María José; Fernández Pérez, Jose Manuel; Rodríguez Calviño, Patricia; Rivas González, Angel; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Rodríguez Díaz, Santos Héctor; Marnotes González, Jose Alfonso; Egerique Mosquera, Teresa; Lopez Roman, Patricia; Bartolomé Tocino, Carlota; Pérez Correa, Rubén; Méndez Fuentes, Oriana; Pérez Iglesias, Xabier;

00:00:08 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier

00:00:41 : 1. Actas anteriores: Ordinaria do 27 de xullo e ordinaria (agosto) do 7 de setembro de 2022.

00:00:42 - Pérez Iglesias, Xabier

00:01:09 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier

00:01:58 : 2. Declaración Institucional en relación coa folga xeral acaecida en Vigo en setembro do ano 1972.

00:02:32 - Perez Rodriguez, Pilar

00:10:59 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier

00:11:58 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier

00:12:07 : 3. Modificación da Ordenanza fiscal xeral (1). Expte. 2929/500 (Expte. Pleno 3522/1101).

00:12:16 - Aneiros Pereira, Jaime

00:17:27 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier

00:17:31 - Pérez Iglesias, Xabier

00:19:45 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier

00:19:48 - Pérez Correa, Rubén

00:24:52 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier

00:24:57 - Marnotes González, Jose Alfonso

00:30:02 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier

00:30:09 - Aneiros Pereira, Jaime

00:30:13 - Marnotes González, Jose Alfonso

00:30:25 - Aneiros Pereira, Jaime

00:33:16 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier

00:33:57 - Votación enmendado concelleiro non adscrito

00:34:27 - votación enmendado grupo popular

00:35:01 - Votación enmendado Grupo Político Mixto



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2022 10:47	Páxina 54 de 58
3594-1101	CSV: A1A9B4-45A5C5-3145AH-MCYL5H-552QTG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- 00:35:21 - Votación punto nº 3
- 00:35:45 : 4. Modificación da Ordenanza fiscal reguladora das taxas por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local (30). Expte 2922/500 (Expte. Pleno 3521/1101).
- 00:36:02 - Aneiros Pereira, Jaime
- 00:39:46 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 00:39:51 - Pérez Iglesias, Xabier
- 00:41:47 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 00:41:52 - Pérez Correa, Rubén
- 00:46:27 - Marnotes González, Jose Alfonso
- 00:51:37 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 00:51:46 - Aneiros Pereira, Jaime
- 00:54:51 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 00:55:15 - Votación enmendas concelleiro non adscrito
- 00:55:45 - votación punto nº 4
- 00:56:17 : 5. Dar conta das Liñas Fundamentais do Orzamento do 2023. Expte. 225/143 (Expte. Pleno 3533/1101).
- 00:56:25 - Aneiros Pereira, Jaime
- 01:00:56 - Espinosa Mangana, Elena
- 01:01:01 - Pérez Iglesias, Xabier
- 01:03:09 - Espinosa Mangana, Elena
- 01:03:18 - Pérez Correa, Rubén
- 01:08:27 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 01:08:31 - Marnotes González, Jose Alfonso
- 01:13:33 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 01:13:39 - Aneiros Pereira, Jaime
- 01:17:03 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 01:17:14 : 6. Autorización de compatibilidade ao funcionario de carreira X. Paz Salgado, adscrito á Área de Servizos Xerais. Expte. 40628/220 (Expte. Pleno 3535/1101)
- 01:18:10 - minuto de silencio contra violencia machista
- 01:19:22 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 01:19:29 : 8. Moción do grupo municipal Mixto instando ao Goberno do Estado a modificación do imposto sobre o patrimonio. Expte. Pleno3553/1101.
- 01:19:43 - Pérez Correa, Rubén
- 01:24:48 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 01:24:56 - Pérez Iglesias, Xabier
- 01:27:02 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 01:27:06 - Marnotes González, Jose Alfonso
- 01:28:24 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 01:28:35 - Marnotes González, Jose Alfonso
- 01:32:10 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 01:32:48 - Aneiros Pereira, Jaime
- 01:37:57 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 01:38:02 - Pérez Correa, Rubén
- 01:41:10 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 01:41:13 - Votación punto 1 da moción
- 01:41:59 - votación punto 2 da moción
- 01:42:27 : 7. Moción do concelleiro membro non adscrito en defensa da frota pesqueira galega fronte ao novo Regulamento imposto pola Comisión Europea. Expte. Pleno 3554/1101.
- 01:42:43 - Pérez Iglesias, Xabier
- 01:44:55 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 01:44:58 - Pérez Correa, Rubén
- 01:49:12 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2022 10:47	Páxina 55 de 58
3594-1101	CSV: A1A9B4-45A5C5-3145AH-MCYL5H-552QTG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- 01:49:16 - Egerique Mosquera, Teresa
 01:54:20 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:54:26 - Espinosa Mangana, Elena
 01:59:33 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:59:38 - Pérez Iglesias, Xabier
 02:00:52 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:01:00 - Pérez Iglesias, Xabier
 02:01:22 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:01:30 - Votación punto 1 e 2C
 02:02:01 - Votación punto 2A, 2B, 3A, e 3B
- 02:02:32 : 13. Moción do grupo municipal Socialista instando ao Goberno de España para que poña en marcha ante a Comisión Europea tódolos mecanismos legais para frear a entrada en vigor do Regulamento que afecta ao sector pesqueiro. Expte. 3559/1101.
- 02:02:51 - Espinosa Mangana, Elena
 02:08:27 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:08:32 - Pérez Iglesias, Xabier
 02:10:43 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:10:53 - Pérez Correa, Rubén
 02:15:29 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:15:33 - Egerique Mosquera, Teresa
 02:20:31 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:20:34 - Espinosa Mangana, Elena
 02:23:41 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:23:52 - Espinosa Mangana, Elena
 02:24:14 - Pérez Iglesias, Xabier
 02:24:37 - Espinosa Mangana, Elena
 02:24:53 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:25:07 - Espinosa Mangana, Elena
 02:25:10 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:25:22 - Votación [11:33:08]
- 02:25:46 : 9. Moción do grupo municipal Socialista instando ao Presidente da Xunta a recoñecer o esforzo realizado polo Concello de Vigo, en materia de mobilidade urbana, e asinar un convenio por un importe similar ao asinado coa Autoridade Portuaria. Expte.Pleno 3557/1101.
- 02:26:04 - López Font, Carlos
 02:31:14 - Espinosa Mangana, Elena
 02:31:19 - Pérez Iglesias, Xabier
 02:33:31 - Espinosa Mangana, Elena
 02:33:35 - Pérez Correa, Rubén
 02:38:27 - Espinosa Mangana, Elena
 02:38:30 - Marnotes González, Jose Alfonso
 02:43:49 - López Font, Carlos
 02:43:54 - Espinosa Mangana, Elena
 02:43:59 - López Font, Carlos
 02:47:21 - Marnotes González, Jose Alfonso
 02:47:41 - Votación [11:55:24]
- 02:48:03 : 10. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a apoiar explicitamente ante o Goberno de España a construción da nova Biblioteca do Estado en Vigo. Expte. 3558/1101.
- 02:48:16 - Losada Alvarez, Abel Fermín
 02:53:34 - Losada Alvarez, Abel Fermín
 02:53:38 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:53:47 - Pérez Iglesias, Xabier
 02:55:55 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:55:59 - Méndez Fuentes, Oriana



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2022 10:47	Páxina 56 de 58
3594-1101	CSV: A1A9B4-45A5C5-3145AH-MCYL5H-552QTG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- 03:00:46 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:00:51 - Marnotes González, Jose Alfonso
 03:06:03 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:06:11 - Losada Alvarez, Abel Fermín
 03:09:45 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:09:54 - Losada Alvarez, Abel Fermín
 03:10:03 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:10:07 - Pérez Iglesias, Xabier
 03:10:11 - Losada Alvarez, Abel Fermín
 03:10:35 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:10:41 - Votación [12:18:27]
- 03:11:00 : 11. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a destinar unha partida extraordinaria para asumir o incremento dos custes dos menús escolares nos comedores xestionados polas ANPAS e sufragados practicamente na súa totalidade polo Concello de Vigo. Expte. 3560/1101.
- 03:11:20 - Gomez Díaz, Gorka
 03:16:24 - Pérez Iglesias, Xabier
 03:18:13 - Pérez Iglesias, Xabier
 03:18:35 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:18:38 - Méndez Fuentes, Oriana
 03:23:20 - Espinosa Mangana, Elena
 03:23:26 - Bartolomé Tocino, Carlota
 03:27:25 - Espinosa Mangana, Elena
 03:27:29 - Gomez Díaz, Gorka
 03:30:43 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:30:58 - Votación [12:38:43]
- 03:31:22 : 12. Moción do grupo municipal Socialista instando Xunta de Galicia o exercicio pleno das súas competencias no referido á promoción do acceso social á vivenda na cidade de Vigo, e outros acordos complementarios. Expte. 3561/1101.
- 03:31:37 - Caride Estévez, María José
 03:36:44 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:36:48 - Pérez Iglesias, Xabier
 03:39:04 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:39:07 - Méndez Fuentes, Oriana
 03:39:13 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:40:08 - Méndez Fuentes, Oriana
 03:44:50 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:44:54 - Marnotes González, Jose Alfonso
 03:46:05 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:47:57 - Marnotes González, Jose Alfonso
 03:51:40 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:51:50 - Caride Estévez, María José
 03:54:56 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:55:10 - Votación [13:03:05]
- 03:55:36 : 14. Dar conta de resolucións da Alcaldía, dende o 27.08 ao 18.09.22.Expte. 1294/1102 (Expte. Pleno 3550/1101).
- 03:55:48 : 15. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, dende o 27.08 ao 18.09.22. Expte. 1293/1102(Expte. Pleno 3551/1101).
- 03:56:03 : 16. Dar conta do acordo da Xunta de Goberno Local do 8.09.22,sobre a modificación de delegacións de competencia da XGL nos concelleiros/as delegados/as de Área e demais delegados de competencias. Expte. 601/1102 (Expte. Pleno 3552/1101).
- Mocións.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2022 10:47	Páxina 57 de 58
3594-1101	CSV: A1A9B4-45A5C5-3145AH-MCYL5H-552QTG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- 03:56:21 : 17. Moción do grupo municipal do Partido Popular instando ao goberno local a atender a demanda das nais e pais do CEIP Doutor Fleming para que o alumnado poida utilizar o pavillón municipal de Romil en horario de mañá. Expte. Pleno 3555/1101.
- 03:56:41 - Marnotes González, Jose Alfonso
 04:01:56 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 04:02:00 - Pérez Iglesias, Xabier
 04:02:03 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 04:02:12 - Pérez Iglesias, Xabier
 04:04:04 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 04:04:08 - Pérez Correa, Rubén
 04:09:05 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 04:09:10 - Fernández Pérez, Jose Manuel
 04:14:17 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 04:14:25 - Marnotes González, Jose Alfonso
 04:15:58 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 04:16:04 - Marnotes González, Jose Alfonso
 04:16:43 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 04:16:52 - Marnotes González, Jose Alfonso
 04:17:36 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 04:18:21 - Votación [13:25:44]
- 04:19:02 : 18. Formulación de rogos.
 04:19:07 - Pérez Iglesias, Xabier
 04:19:25 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 04:19:28 - Pérez Correa, Rubén
 04:19:42 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 04:19:45 - Marnotes González, Jose Alfonso
 04:19:57 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 04:20:01 : 19. Formulación de preguntas.
 04:20:02 - Pérez Iglesias, Xabier
 04:20:17 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 04:20:34 - Méndez Fuentes, Oriana
 04:20:46 - Méndez Fuentes, Oriana
 04:20:57 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 04:21:46 : [FIN]

Sen máis asuntos a Presidencia deu por rematada a sesión ás trece horas e trinta minutos, redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.

Conforme o artigo 3 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, a presente Acta, identificada co nº 13/2022, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2022.
 am.

A PRESIDENCIA

O SECRETARIO XERAL DO PLENO

Javier Pardo Espiñeira

José Riesgo Boluda



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2022 10:47	Páxina 58 de 58
3594-1101	CSV: A1A9B4-45A5C5-3145AH-MCYL5H-552QTG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		